

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO 2021/2025



**CPR Plurilingüe
San Blas -Vista Alegre**

Subida ao Cemiterio
de Puxeiros, 28-Cabral
36318 Vigo

Telf. /Fax 986 376 288
cpr.sanblas@edu.xunta.es

www.colegiovistalegre.com

INDICE

1. INTRODUCCIÓN.

2. MARCO LEGAL.

3. ONDE ESTAMOS?

3.1. Entorno físico

3.2. Entorno socioeconómico e cultural

4. QUEN SOMOS?

4.1. Datos identificativos

4.1.1. Denominación

4.1.2. Historia do centro

4.1.3. Número de unidades e composición actual

4.1.4. Tipoloxía escolar

4.1.5. Sinais de identidade

a) Obxectivos

b) Pluralismo e valores democráticos

c) Principios

5. DE QUÉ MEDIOS DISPOMOS?

5.1. Medios materiais.

5.1.1. Dependencias.

5.1.2. Equipamento.

5.1.3. Patio.

5.2. Elementos humanos:

5.2.1. Persoal docente

5.2.2. Persoal complementario

5.2.3. Persoal de xestión administrativa

5.2.4. Outro persoal do centro

6. QUÉ PRETENDEMOS? (OBXECTIVOS XERAIS).

6.1. Obxectivos do Ámbito

Pedagóxico:

6.1.1. Ámbito Formativo

6.1.2. Ámbito Curricular

6.1.2.1 Tratamento dos elementos transversais e estándares de aprendizaxe avaliados para o desenvolvemento das competencias básicas.

6.1.2.2 Horas de libre configuración

6.1.3. Ámbito Metodolóxico

6.1.4 Aspectos xerais para a elaboración das programacións didácticas

6.2. Obxectivos do Ámbito Institucional.

6.3. Obxectivos do Ámbito de Recursos Humanos.

6.4. Obxectivos do Ámbito Administrativo.

6.5. Obxectivos do Ámbito Servizos.

7. CÓMO NOS ORGANIZAMOS? (ESTRUTURA).

7.1. Alumnado.

7.1.1. Criterios de admisión.

7.1.2. Niveis educativos.

7.1.3. Materias optativas ofertadas.

7.1.4. Criterios de agrupamento.

7.1.5. Criterios xerais sobre a avaliación e a promoción do alumnado.

a) Educación Infantil:

b) Educación Primaria:

c) Educación Secundaria Obrigatoria:

7.2. Órganos de coordinación docente.

7.2.1. Equipos de nivel.

7.2.2. Equipo de Normalización Lingüística.

**7.2.3. Equipo de Actividades complementarias e
extraescolares.**

7.2.4. Comisión de Coordinación Pedagógica.

7.2.5. Tutores/as.

7.3. Órganos de Goberno e Xestión.

7.3.1. Órganos Unipersoais (equipo directivo)

7.3.2. Órganos Colexiados:

- **Claustro: todos los profesores**
- **Consello Escolar**

7.4. Órganos de representación.

7.5. Servizos Complementarios.

7.6. Actividades complementarias e extraescolares.

7.7. Relación con outras institucións.

7.7.1. Coa Comunidade Educativa.

7.7.2. Con outras institucións.

8. PLANS E PROXECTOS

8.1 Plan xeral de atención á diversidade

8.2 Plan de convivencia

8.3 Proxecto lingüístico

8.4 Proxecto lector

8.5 Plan de integración das tics

8.6 PAT

1. INTRODUCCIÓN.

Tal e como se menciona no artigo 121 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE), na redacción dada pola Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), o Proxecto Educativo de Centro se define como o documento que *“recollerá os valores, os obxectivos e as prioridades de actuación. Asimesmo, incorporará a concreción dos currículos establecidos pola Administración educativa, que corresponde fixar e aprobar ao Claustro, así como o tratamento transversal nas áreas, materia ou módulos da educación en valores e outras ensinanzas”*.

Ademais, *“dito proxecto, que deberá ter en conta as características do entorno social e cultural do centro, recollerá a forma de atención á diversidade do alumnado e a acción tutorial, así como o plan de convivencia, e deberá respectar o principio de non discriminación e de inclusión educativa como valores fundamentais, así como os principios e obxectivos recollidos nesta Lei e na Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xullo, Reguladora do Dereito á Educación”*.

Por tanto, e axustándose o máximo posible ao marco legal establecido, este proxecto educativo recolle os valores, os obxectivos e as prioridades de actuación do noso centro, e incorpora, asimesmo, a concreción dos currículos establecidos no Real Decreto 1630/2006, de 29 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas do segundo ciclo de Educación Infantil; no Real Decreto 126/2014, de 28 de febreiro, polo que se establece o currículo básico da Educación Primaria; e no Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, polo que se establece o currículo para a etapa de Educación Secundaria Obrigatoria.

O equipo directivo e o equipo docente elaboraron este proxecto educativo tendo en conta as características e as necesidades educativas do alumnado, e as propias peculiaridades do entorno escolar.

O proxecto educativo, ao ser un documento de carácter aberto e flexible, e, polo tanto, susceptible de cambio, manterase actualizado coas modificacións que se introduzan en cada curso.

Este proxecto educativo foi aprobado pola directora do centro e avaliado polo Consello Escolar.

2. MARCO LEGAL.

- Decreto 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria.
- Decreto 105/2014, de 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Real Decreto 126/2014, de 28 de febreiro, polo que se establece o currículo básico da Educación Primaria.
- Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- Decreto 330/2009, de 4 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Real Decreto 1630/2006, de 29 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas do segundo ciclo de Educación Infantil.
- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE).
- Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xullo, Reguladora do Dereito á Educación.
- Declaración Universal de Dereitos Humanos, na súa resolución 217 A (III), de 10 de decembro de 1948.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG, 15/07/2011). Art. 10 Real Decreto 732/1995 do 5 de maio, polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia nos centros (BOE, 2/06/1995)

3. ONDE ESTAMOS?

3.1. Entorno físico:

O colexio San Blas-Vista Alegre está situado no número 28 da subida ao Cemiterio de Puxeiros, en Cabral, parroquia de Vigo, próxima á antiga estrada nacional de acceso á cidade, á Autovía das Rías Baixas (A-52) e na marxe esquerda do río Lagares.

A este colexio acoden alumnos e alumnas non so de Cabral, senón tamén doutras parroquias da cidade e do propio Vigo.

A zona de influencia do centro está considerada polo Concello de Vigo como unha das máis desfavorecidas do Municipio, dado o alto índice de marxinación, delincuencia e drogadicción que se dan nela. Por tanto, dita zona ten unhas necesidades especiais de integración, atención familiar e social, de dotación de recursos para a xuventude, de información, etc. Por todo isto, o centro desempeña, en colaboración co Concello de Vigo, unha labor importantísima en programas de inserción de nenos/as en todo tipo de actividades: deportivas, culturais..., facendo, así, unha acción preventiva para que os discentes, unha vez rematen a súa educación no centro, dispoñan dun desenvolvemento equilibrado das súas capacidades e da información necesaria para integrarse na sociedade como membros activos, facendo uso dos seus dereitos e enfrontándose ás súas responsabilidades.

O colexio tamén colabora con todos aqueles organismos, asociacións e institucións que teñan o mesmo obxectivo comentado anteriormente. Polo tanto, pode dicirse que o centro está aberto a toda a problemática mencionada.

3.2. Entorno socioeconómico e cultural:

A gran parte da poboación escolar está formada por fillos e fillas de traballadores que desenvolven a súa labor en empresas próximas ao centro. Tendo en conta o exposto no apartado anterior, pode afirmarse que dita poboación escolar conta cun escaso nivel de recursos económicos e cun estatus social medio.

Tomando como indicadores sociais o nivel laboral e cultural das familias, poderíamos facer a seguinte clasificación:

En canto ao nivel laboral:

- Pais/nais traballadores/as con salario mínimo interprofesional: 10%.

- Pais/nais traballadores/as cun salario medio: 50%.
- Pais/nais traballadores/as por conta propia: 20%.
- Pais/nais con postos de traballo eventuais: 10%.
- Pais/nais en paro: 10%.

En canto ao nivel cultural:

Os/as nenos/as proceden dun ambiente cultural medio. A maioría dos mais e nais teñen estudos elementais e dedicáronse ao aprendizaxe dun oficio. Aproximadamente, un 40% se corresponde con pais e nais con estudos medios; e un 25%, con estudos superiores.

Esta pobreza de estímulos culturais, ambientais e materiais (falta de espazo, estudos, libros, dedicación familiar..., por mencionar algúns) fixo que o noso centro se plantexara, desde a súa creación, o compromiso de satisfacer todas estas necesidades, pasando a ser, a partir de 1986, un centro concertado, dado que, doutro modo, os pais e nais non poderían costear unha educación privada para os seus fillos e fillas.

En canto á composición familiar, o 48% das familias teñen un/unha ou dous/dúas fillos/as; o 4% restante, tres ou máis fillos/as.

No referente ao tempo de lecer, a maioría dos pais e nais poden dedicarlle aos seus fillos/as unha media de dúas horas diarias, sendo maioritariamente as nais as que abordan esta labor. Os/as nenos/as dedican este tempo libre a xogar con videoxogos, empregar o ordenador/tableta, facer deporte, xogar, escoitar música, ler ou outras actividades.

A maioría das familias emprega o castelán como lingua para dirixirse aos seus fillos/as; un 30% emprega o galego e o castelán indistintamente; e un 5% soamente o galego.

En canto a lingua que normalmente empregan os/as alumnos/as para dirixirse aos seus compañeiros/as, amigos/as, mestres/as... é, nun porcentaxe elevadísimo (98%), o castelán.

4. QUEN SOMOS?

4.1. Datos identificativos:

4.1.1. Denominación:

- **Nome:** Colexio San Blas-Vista Alegre.
- **Domicilio:** Subida ao Cemiterio de Puxeiros, 28.
- **Teléfono:** 986 37 62 88.
- **Fax:** 986 37 62 88.
- **Código do centro:** 36011300.
- **CIF:** B36825362.
- **E-mail:** cpr.sanblas@edu.xunta.gal/ secretaria@colegiovistalegre.com.
- **Web:** www.colegiovistalegre.com.

4.1.2. Historia do centro.

A historia do centro remóntase ao ano 1963m cando Marina Estévez Quinteiro fundou, na rúa Pizarro, o “Colexio San Blas”. En 1971, a súa irmá, María Mercedes Estevez Quinteiro, adquiriu a propiedade do mesmo, trasladándoo, debido a alta demanda de alumnado, a unha finca na antiga Avenida da Ponte (actual Subida ao Cemiterio de Puxeiros), un enclave natural privilexiado, rodeado de vexetación, que incluía unha gran casa. É aquí onde comeza a actividade docente do denominado “Colexio Vista Alegre”. Anos máis tarde inaugurouse un novo edificio dedicado a aulas e diversos usos educativos, tales como Salón de Actos, Ximnasio, Biblioteca e Laboratorio entre outros.

En 1986, o centro paseou a ser concertado de pleno, abandonando a categoría de colexio privado.

4.1.3. Número de unidades e composición actual.

O centro consta dunha soa liña educativa que abarca as etapas de Educación Infantil (cursos de 4º, 5º, e 6º), Educación Primaria (na súa totalidade) e Educación Secundaria Obrigatoria (na súa totalidade).

O número de unidades en funcionamento é, polo tanto, de 13.

4.1.4. Tipoloxía escolar.

- **Titularidade:** Privada concertada, dependente da súa dona Mercedes Lomba Martínez, pero sostido con fondos públicos da Consellería de Educación da Xunta de Galicia.
- **Niveis educativos:** Educación Infantil (cursos de 4º, 5º, e 6º), Educación Primaria (na súa totalidade) e Educación Secundaria Obrigatoria (na súa totalidade).
- **Tipo de xornada:** Xornada única.

A xornada escolar lectiva lévase a cabo, para os cursos de Educación Infantil e Educación Primaria, de 9:00 a 14:00 horas, e, para os cursos de Educación Secundaria Obrigatoria, de 9:00 a 14:30 horas, e de 16:30 a 18:10 horas, os martes.

O horario de atención ao público en secretaría é:

- **Durante o curso:** de 9:00 a 16:30 horas.
- **En verán (meses de xullo e agosto):** de 08:30 a 14:30 horas.

- **Uniforme:** Obrigatorio nas etapas de Educación Infantil e Educación Primaria e 1º e 2º da ESO. A partir do curso académico 2021/2022, irase implantando paulatinamente nos seguintes cursos de Educación Secundaria Obrigatoria. Polo tanto, neste intre, é opcional en 3º e 4º da ESO.

4.1.5. Sinais de identidade.

a) O colexio San Blas-Vista Alegre é un centro privado concertado, con valores democráticos e respecto á pluralidade no que se impulsan valores como a responsabilidade, a autonomía, a tolerancia, o respecto ao medio, a sensibilidade e o espírito crítico.

b) O centro asume a diversidade do alumnado como un feito e adoita un papel integrador para responder ás demandas de dita diversidade. Este centro practica unha educación para a igualdade sen ningún tipo de discriminación.

c) Se fomenta unha formación integral desde o punto de vista intelectual, físico e afectivo-social para que os/as alumnos/as aprendan a desenvolverse na sociedade.

d) O centro asume unha metodoloxía activa e participativa, consensuada e respectuosa. Buscando o equilibrio, defende un modelo de pedagogía activa, participativa, dialogante e non competitiva que potencia no alumnado unha formación integral e personalizada, e que, desenvolva unha actitude reflexiva e crítica que favoreza hábitos de traballo e autonomía persoal.

e) A nosa escola é unha institución aberta ao seu contorno, que participa nas súas tradicións culturais e na vida cotiá do barrio, ampliando, deste modo, o contorno educativo da escola e a interacción respectuosa do/a neno/a co medio físico e social que o/a rodea.

f) A comunidade educativa que conforma o centro participa democraticamente no funcionamento do mesmo. O centro facilita formas de participación e colaboración nas cuestións que afecten á comunidade.

a) Obxectivos:

a1) Fomentar a defensa dos valores democráticos favorecendo o desenvolvemento das actividades que promovan a solidariedade, a tolerancia, a actitude de diálogo, a participación, a aceptación e o respecto ás diferenzas dos demais.

a2) Valorar positivamente a pluralidade de ideas como fonte de enriquecemento.

b1) Adquirir valores que nos permitan aprender a convivir respectando calquera tipo de diferenzas, atopando solucións que nos axuden a mellorar e crecer como persoas.

b2) Fomentar a relación entre os distintos grupos sociais: étnicos, relixiosos, de xénero e económicos.

b3) Integrar a todos os alumnos e alumnas de culturas e países diferentes que se incorporen ao noso centro.

c1) Ensinar hábitos e técnicas de aprendizaxe que esperten o interese do alumnado, así como a curiosidade polo mundo que o rodea, desenvolvendo, en todo momento, a súa autonomía e o sentido crítico.

c2) Educar aos alumnos/as na pluralidade da sociedade actual para facilitar a súa inserción nela.

c3) Desenvolver nos nenos e nenas a sensibilidade cara os problemas da nosa sociedade, despertando neles/as o espírito da solidariedade.

c4) Coñecer e controlar progresivamente o propio corpo, formándose unha imaxe positiva de si mesmos, valorando a súa identidade sexual, as súas capacidades e limitación de acción e expresión, e adquirindo hábitos básicos de saúde e benestar.

d1) Favorecer as actividades interdisciplinares e internivelares respectando o ritmo evolutivo do alumno.

d2) Potenciar o aprendizaxe significativo a través dos principios metodolóxicos.

d3) Coordinar criterios metodolóxicos, respectando o estilo docente de cada profesor/a.

d4) Impulsar e estimular a formación continuada e o perfeccionamento do/a profesor/a, así como a investigación e innovación educativas.

e1) Potenciar a relación co contorno considerando o contorno próximo como o principal recurso didáctico para chegar ao coñecemento de realidades sociais máis lonxanas.

e2) Potenciar hábitos de respecto e coidado do medio ambiente.

e3) Planificar actividades que faciliten ao alumnado un mellor e maior coñecemento do seu contorno.

f1) Procurar a participación dos distintos sectores da Comunidade Educativa para que todas as decisións sexan o suficientemente representativas e efectivas.

f2) Establecer vías de participación e colaboración coas institucións, asociacións e servizos do barrio (centros culturais, asociacións de veciños...).

g) Aprender as habilidades de resolución de problemas necesarias no século XXI e as habilidades que empregarán nas súas futuras carreiras

b) Pluralismo e valores democráticos:

A educación neste centro fomentará os valores democráticos, comezando polo respecto a si mesmo e aos demais, coas súas afinidades e diferenzas, e solucionará os conflitos por medio do diálogo construtivo entre todos os sectores da comunidade, procurando sempre chegar a un consenso.

Estes valores desenvolveranse en toda a actividade educativa escolar, complementaria e extraescolar, segundo os niveis e a maduración dos/as nenos/as, aínda que poderán realizarse actividades concretas en busca da comprensión e afirmación destes valores que se deberán aplicar en todos os ámbitos da convivencia e ao longo de toda a súa vida.

O centro ten unha traxectoria no respecto fundamental dos Dereitos Humanos, e un compromiso formal coa Declaración dos Dereitos da Infancia, de onde se desprende que a educación será pluralista, respectando as conviccións relixiosas, morais, culturais e ideolóxicas das persoas que conforman a comunidade educativa.

Consideramos, ademais, que é fundamental facer comprender ao alumnado, ao profesorado e ás familias que os valores que supoñen a democracia e o pluralismo non son valores alleos e lonxanos, senón que estes levan consigo actitudes e comportamentos acordes con estas ideas no noso contorno máis próximo e na nosa sociedade.

O grao de autonomía e autoestima do alumnado influirá directamente na convivencia, xa que, cando isto se desenvolve, as persoas se amosan tolerantes, xenerosas, cooperativas e independentes, manifestando a súa responsabilidade e compromiso.

Consideramos prioritaria a transmisión de valores que favorezan:

- A liberdade persoal.
- A responsabilidade.
- A cidadanía responsable.
- A solidariedade.
- A tolerancia.
- A igualdade.
- O respecto.
- A xustiza.

c) Principios:

A LOMCE, no seu Título Preliminar, fixa os principios educativos e fins que constitúen os elementos centrais en torno aos cales debe organizarse o conxunto do sistema educativo e que deben ser os nosos referentes.

Entre os principios e fins educativos enunciados na LOE, consideramos el lugar destacado:

- O principio fundamental da calidade da educación para todo o alumnado, en condicións de equidade e con garantías de igualdade de oportunidades.
- A participación corresponsable de toda a comunidade educativa.
- O esforzo compartido que debe realizar o alumnado, as familias e os profesorado, co respaldo dos organismos e institucións con responsabilidades en materia educativa.
- A educación para a prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos, así como para a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, e en especial no acoso escolar.

5. DE QUÉ MEDIOS DISPOMOS?

5.1. Medios materiais.

5.1.1. Dependencias.

As instalacións do centro son as seguintes:

- **Chalé:**
 - Sótano/almacén.
 - Ludoteca.
 - Planta baixa: recibidor, secretaría, cociña, comedor, despacho de titoría e servizos.
 - Primeira planta: sala de profesores, xefatura de estudos, dirección, orientación, gabinete psicopedagóxico e servizos.
- **Edificio:**
 - Baixo: ximnasio, laboratorio, aula de plástica e tecnoloxía, vestiarios e duchas, dúas aulas de Educación Infantil (EI4 e EI5) e servizos.
 - Primeira planta: aula de Educación Infantil (EI6), unha titoría, salón de actos, biblioteca, aula de Pedagogía Terapéutica e Audición Linguaxe, almacén e servizos.
 - Segunda planta: catro aulas destinadas a 1º, 2º, 3º y 4º de Educación Primaria e servizos
 - Terceira planta: tres aulas destinadas a 5º e 6º de Educación Primaria e 1º de ESO, aula de informática e servizos.
 - Cuarta planta: tres aulas destinadas a 2º, 3º e 4º de ESO, aula de optativas e servizos.
 - Ademais, o edificio conta con escaleiras de emerxencia e ascensor.
- **Exterior:**
 - Tres patios: dous pavimentados (un deles cuberto) para a realización de actividades deportivas, e outro destinado a parque infantil e xardín.

5.1.2. Equipamento.

Todas las aulas contan con:

- Mesas e cadeiras para o alumnado.
- Mesa e cadeira do/a profesor/a.
- Encerado.
- Pantalla de proxección

- Percheiros.
- Biblioteca de aula.
- Materiais didácticos e lúdicos.
- Cortinas.

A aula de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe conta con:

- Mesas e cadeiras para o alumnado.
- Mesa e cadeira do/a profesor/a.
- Encerado.
- Espello.
- Biblioteca de aula.
- Materiais didácticos e lúdicos.
- Televisión.
- DVD.
- Tableta.
- Ordenador.
- Percheros.

A aula de Plástica conta con:

- Mesas e taburetes para o alumnado.
- Mesa e taburete para o/a profesor/a.
- Encerado.
- Materiais didácticos.
- Ferramentas diversas.
- Cortinas.

O Laboratorio conta con:

- Mesetas e taburetes para o alumnado e para o/a profesor/a.
- Lavabos.
- Campá extractora.
- Material didáctico.
- Encerado.

A aula de Informática conta con:

- Mesas e cadeiras para o alumnado.
- Mesa e cadeira para o/a profesor/a.

- Encerado.
- 16 ordenadores.
- Cortinas.

A Ludoteca conta con:

- Mesas e cadeiras para o alumnado.
- Mesa e cadeira para o/a profesor/a.
- Xoguetes.
- Libros.
- Alfombra didáctica.
- Andeis.
- Percheros.
- Televisión.
- DVD's.
- Reprodutor de DVD's.
- Cortinas.

O Salón de Actos conta con:

- Cadeiras.
- Mesas e cadeiras para profesores/as e poñentes.
- Canón de imaxe.
- Ordenador.
- Biblioteca.
- DVD's.
- Cd's.
- Enciclopedias.
- Cortinas.
- Equipo de son.
- Mesa de mesturas.
- Altosfalantes.
- DVD.

O Ximnasio conta con:

- Espalderas.
- Poldro.
- Plitón.
- Colchóns.

- Trampolín.
- Banco sueco.
- Balóns de fútbol, fútbol sala, baloncesto, balonmán e volleyball.
- Cordas.
- Petos.
- Raquetas.
- Sticks.
- Armario con material deportivo diverso.
- Ascensor.

5.1.3. Patio.

El colexio conta con tres patios, dedicados a diferentes usos, e unha zona axardinada:

- Patio cuberto, con pista de fútbol sala e balonmán.
- Patio descuberto, con pista de baloncesto e volleyball.
- Patio de xogos infantís.

5.2. Elementos humanos:

5.2.1. Persoal docente:

Composto por 13 titores e 13 profesores a tempo parcial.

5.2.2. Persoal complementario:

Composto por un psicólogo, unha especialista en Pedagogía Terapéutica y Audición e Linguaxe, 3 auxiliares técnicos educativos (a tempo parcial).

5.2.3. Persoal de xestión administrativa:

Composto por un equipo de administración a tempo parcial: un xefe de administración e un xefe de negociado.

5.2.4. Outro persoal do centro:

Dous encargados do comedor e dúas limpadoras a tempo parcial.

6. QUÉ PRETENDEMOS? (OBXECTIVOS XERAIS).

6.1. Obxectivos do Ámbito Pedagóxico:

6.1.1 Ámbito Formativo:

- Fomentar a formación personalizada do alumnado, propiciando unha educación baseada en competencias/habilidades e fomentando uns adecuados valores morais, en todos os ámbitos da vida persoal, social e académica.
- Prestar especial atención á diversidade de alumnos/as en relación coas súas capacidades físicas e intelectuais para ofrecer unha axuda efectiva e temperá que mellore a súa aprendizaxe e, por ende, a súa integración.
- Crear un clima favorable de traballo, de respecto, tolerancia e cordialidade entre os membros que forman a Comunidade Educativa, profundando no plan de Convivencia.
- Fomentar no alumnado a mellora na orde, pulcritude e o bo trato de libros, material escolar e edificios.
- Insistir na puntualidade, o silencio oportuno e o ambiente de traballo responsable na aula para o mellor aproveitamento académico.
- Fomentar o interese pola propia formación e a súa capacidade para aprender de forma autónoma.
- Desenvolver unha actitude crítica ante o uso do tabaco, o alcohol e a droga, así como os medios de comunicación e actitudes de abuso.
- Fomentar a participación dos/as alumnos/as en tódolos contextos nos que se desenvolve a vida escolar co obxecto de favorecer a súa autonomía persoal e social.
- Optar por unha educación de calidade, personalizada e en equipo, cunha metodoloxía activa e cunha avaliación periódica do proceso educativo.
- Continuar traballando desde un enfoque didáctico-pedagóxico en Infantil, baseado nas Intelixencias Múltiples, o que permite traballar as materias dunha maneira contextualizada e adaptada á realidade dos/as alumnos/as.

6.1.2. Ámbito Curricular:

- Adquirir os niveis mínimos, explicitados como obxectivos básicos, de cada área, nivel ou ciclo de ensinanza.
- Mellorar a ortografía en Educación Primaria, e seguir incidindo na expresión escrita e oral en Primaria e Secundaria.
- Adoitar as medidas de atención á diversidade necesarias para a consecución dos obxectivos mínimos, de acordo coas necesidades educativas individuais.
- Aumentar a inclusión das Novas Tecnoloxías da Información e da Comunicación dentro dos distintos proxectos curriculares e programacións de aula.
- Traballar co Método Tekman no segundo ciclo de Educación Infantil, a lectura coa metodoloxía de Ludiletras e as matemáticas con EntusiasMAT.
- Fomentar a aprendizaxe activa do inglés e/ou francés a través da solicitude de auxiliares de conversa, e participación en programas de fomento da lingua estranxeira, promovidos pola Xunta de Galicia, ademais de impulsar actividades extraescolares no centro co mesmo fin.
- Adquirir ou reforzar as habilidades para a prevención, a resolución pacífica de conflitos e a exteriorización dos sentimentos que lles permitan aos/ás alumnos/as desenvolverse con autonomía no ámbito familiar, educativo e en grupos sociais cos que se relacionan a través de actividades de Intelixencia Emocional.

6.1.2.1 Tratamento dos elementos transversais e estándares de aprendizaxe avaliados para o desenvolvemento das competencias básicas.

Os **temas transversais** para a Educación responden a unha realidade social. Por iso, non os consideramos como un área máis a traballar, senón como eixos que recorren todas as áreas curriculares e que deben estar presentes en todo o proceso educativo. Coa transversalidade acercamos ao/á alumno/a a aspectos e valores que hoxe preocupan ao mundo, sensibilizándoos e facéndoos partícipes de temas como a paz, a defensa da natureza, a igualdade de oportunidades..., co obxectivo final da formación integral do/a alumno/a en todos os aspectos. Tanto na etapa de Educación Infantil como en Educación Primaria e Secundaria, traballamos: Educación para a saúde; Educación para a Igualdade; Educación cívica e moral; Educación ambiental, Educación do consumidor e Educación viaria, nas distintas áreas do currículo, quedando reflectido nas Programacións de Aula de cada curso e materia.

En canto as **competencias**, é dicir, ás capacidades para “facer algo”, para adquirir destrezas, para resolver problemas que se plantexen na vida diaria, se distinguen sete:

- Comunicación Lingüística
- Competencia Matemática e Competencia Básica en Ciencia e Tecnoloxía.
- Competencia Dixital
- Aprender a Aprender
- Competencias Sociais e Cívicas
- Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor
- Conciencia e Expresións Culturais

No centro daremos especial relevancia ás Competencias Lingüística, Matemática e Ciencias e Tecnoloxía, as que se avaliarán en 3º e 6º de Educación Primaria.

Polo que respecta aos **estándares de aprendizaxe** avaliados, están incluídos na programación de cada materia xunto cos contidos e criterios de avaliación. É dicir, os estándares veñen sendo o currículo real, xa que concretan que debe saber, comprender e saber facer en cada materia; e servirán para o deseño das avaliacións.

6.1.2.2 Horas de libre configuración

Para reforzar as materias instrumentais eliximos como horas de libre configuración para primaria 1 hora de matemáticas en 4º e 1 hora de lingua en 6º. Así mesmo elixiuse unha hora de lingua en 1º ESO e unha de lingua castelá en 2º ESO.

6.1.3. Ámbito Metodolóxico.

Establecemos os seguintes principios nos que orientamos o noso proceso de ensino- aprendizaxe e así contribuímos á consecución das competencias clave:

- Avaliar o nivel de competencia do alumnado e adecuar as distintas programacións para obter, progresivamente, os niveis esixidos. (Aprender a aprender).
- Facilitar a construción de aprendizaxes significativas, buscando a funcionalidade e a contextualización nas aprendizaxes e a súa xeralización. (Conciencia e

expresións culturais) .

- Fortalecer as interaccións mestre-alumno e entre iguais, como base para a adquisición de novas aprendizaxes. (Competencias sociais e cívicas)
- Potenciar unha ensinanza activa na que se desenvolvan a iniciativa e a creatividade. (Sentido de iniciativa e espírito emprendedor).
- Proporcionar as axudas necesarias para o aprendizaxe: adaptación curriculares, reforzos educativos, traballos específicos de atención á diversidade, plans de recuperación de pendentes... (Aprender a aprender).
- Respetar a propia identidade e individualidade dos/as alumnos/as, atendendo ás súas peculiaridades e ós seus ritmos de aprendizaxe, co obxecto de adaptar os métodos e recursos ás diferentes situacións. (Aprender a aprender).
- Favorecer a participación activa do alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, ben na aula, promovendo agrupamentos e deseñando actividades cooperativas, ou ben complementarias, fóra da aula. Insistirase, sempre, no desenvolvemento responsable da función encomendada. (Competencias sociais e cívicas, Sentido de iniciativa e espírito emprendedor, Aprender a Aprender e Competencia Dixital).
- Aumentar e normalizar o emprego das TICs en tódolos niveis educativos. (Competencia dixital).
- Animar á participación en programas do fomento da lingua estranxeira. (Competencia en comunicación lingüística).
- Empregar metodoloxías máis lúdicas e motivadoras, tanto nas materias lectivas como nas actividades extraescolares.
- Estimular a participación dos pais para compartir a tarefa educativa.
- Promover interaccións entre o noso alumnado e outros centros educativos ou do ámbito da educación.

6.1.4 Aspectos xerais para a elaboración das programacións didácticas:

1. INDICADORES DAS CCBB
2. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN
3. CONTRIBUCIÓN DA ÁREA A0 LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS INCLUÍNDO ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.
4. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS
5. SECUENCIA DE CONTIDOS.

6. TEMPORALIZACIÓN
7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN EN RELACIÓN COAS CCBB
8. MÍNIMOS ESIXIBLES
9. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN
10. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
11. PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL
12. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
13. PLAN DE TRABALLO PARA A SUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE
14. PROCEDEMENTO PARA A CUALIFICACIÓN DA MATERIA PENDENTE
15. METODOLOXÍA DIDÁCTICA
16. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
17. PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES
18. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR
19. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC
20. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA
21. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS
22. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E/ OU EXTRAESCOLARES
23. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN
24. PLAN DE INTERVENCIÓN EDUCATIVA.
25. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.
26. CONSTANCIA DA INFORMACIÓN AO ALUMNADO

6.2. Obxectivos do Ámbito Institucional.

- Potenciar os mecanismos de participación dos membros da comunidade educativa na xestión do Centro: Consello Escolar e Claustro de Profesores.
- Facilitar e establecer relacións con entidades, institucións públicas e privadas que ofrezan:
 - Novas experiencias ós/ás alumnos/as.
 - Formación e intercambio de experiencias entre profesionais, pais/nais/titores legais e alumnos/as.
 - Inclusión en actividades con alumnos/as doutros centros.

6.3. Obxectivos do Ámbito de Recursos Humanos.

- Propiciar a formación permanente dos pais/nais/titores legais, profesores/as e persoal non docente, a través de plans e actividades específicos.
- Manter unha relación fluída, construtiva e respectuosa cos pais/nais/titores

legais, baseada na información e cooperación.

- Crear os grupos de traballo que se consideren necesarios para garantir a coherencia interna do proceso educativo.
- Planificar a distribución de tarefas, asignación do profesorado..., respectando, sempre que sexa posible, as preferencias dos profesionais, e de acordo ós seguinte criterios:
 - Necesidades do centro.
 - Titulación.
 - Formación e experiencia.
 - Capacidades e habilidades.
- Favorecer un bo clima de traballo que mellore a convivencia no centro (RRI).
- Propiciar a identificación cos obxectivos da institución.
- Mellorar a comunicación e cooperación entre os distintos órganos de coordinación docente, dotándoos de horarios nos que se poidan reunir.
- Facilitar a integración do novo profesorado na vida no centro, achegándolle toda a información e axuda necesaria que lle garanta seguridade e normalidade na súa labor docente.
- Motivar ao profesorado para que contribúa coas súas ideas á mellora da xestión do centro e a consecución dos obxectivos acordados.

6.4. Obxectivos do Ámbito Administrativo.

Procurar unha administración transparente, eficaz e operativa, que permita a boa xestión e optimice os recursos dos que dispón o centro; conservando, renovando e empregando axeitadamente as instalacións, dependencias e materiais.

6.5. Obxectivos do Ámbito Servizos.

Mellorar a calidade do servizo de comedor escolar a nivel nutricional e asistencial, aumentando o persoal que o atende e cambiando de empresa de catering.

7. CÓMO NOS ORGANIZAMOS? (ESTRUTURA).

7.1. Alumnado.

O Centro forma a alumnos/as con idades comprendidas entre 3 e os 18 anos.

A maioría do alumnado do colexio procede do propio barrio ou de barrios limítrofes, é estable e non hai moita mobilidade, é dicir que comezan e finalizan os estudos no noso centro.

Temos unha baixa porcentaxe de alumnos con Necesidades Educativas Especiais; aínda que vimos detectando que, cada curso, vai aumentando lixeiramente.

7.1.1. Criterios de admisión.

Terase como referencia o previsto na ORDE do 12 de marzo de 2013, pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de Educación Infantil, de Educación Primaria, de Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato, reguladas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. Será de uso obrigado uniforme e o chándal do colexio.

7.1.2. Niveis educativos.

- 2º Ciclo de Educación Infantil.
- Educación primaria (de 1º a 6º).
- Educación Secundaria Obrigatoria (de 1º a 4º).

O noso centro só dispón dunha liña en cada un dos niveis educativos arriba mencionados.

7.1.3. Materias optativas ofertadas.

En Primaria ofrecemos aos/ás alumnos/as cuxos pais/nais/titores legais non teñan optado por Relixión, reciban Valores Sociais e Cívicos.

No referente á organización, faremos coincidir os horarios para Relixión e Valores Sociais e Cívicos e profesorado diferente para ambas materias.

No terceiro curso de Educación Secundaria Obrigatoria, o alumnado pode escoller entre Francés, continuando coa materia impartida en 1º e 2º como obrigada, ou

Cultura Clásica; e entre Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas e Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas, en 3º e 4º de ESO.

No cuarto curso da ESO, poderán escoller entre Iniciación á actividade emprendedora e empresarial e Bioloxía e Xeoloxía.

7.1.4. Criterios de agrupamento.

O agrupamento por aulas-titores realízase tendo en conta á globalidade dunha serie de parámetros:

- Idade cronolóxica.
- Rendemento académico.
- Buscar a maior homoxeneidade posible dentro do grupo.
- Que os/as alumnos/as se relacionen e aprendan conxuntamente.
- Procurar que o grupo teña o/a mesmo/a profesor/a titor/a ó longo do curso.
- Que o/a titor/a pase o maior tempo posible co seu curso. En Primaria, tratando de adecuar as materias que pode impartir ao seu horario.

7.1.5. Criterios xerais sobre a avaliación e a promoción do alumnado.

a) Educación Infantil:

Avaliación:

- A avaliación será global, continua e formativa. A observación directa e sistemática constituirá a técnica principal do proceso de avaliación.
- Servirá para identificar as aprendizaxes adquiridas e o ritmo e características da evolución de cada neno/a. A estes efectos, tomaranse como referencia os criterios de avaliación de cada unha das áreas.
- Os/as mestres/as avaliarán, ademais dos procesos de aprendizaxe, a súa propia práctica educativa.

b) Educación Primaria:

Avaliación:

- Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos de etapa nas avaliacións continua e final das materias dos bloques de materias troncais e específicas serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliáveis que figuran nos anexos I e II do Real Decreto 126/2014, de 28 de febreiro, polo que se establece o currículo básico da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta os seus progresos no conxunto das áreas.
- Se establecerán as medidas máis axeitadas para que as condicións de realización das avaliacións, incluída a avaliación do terceiro curso e a avaliación final de etapa, se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou alumna non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoitaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.
- Os/as mestres/as avaliarán tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a propia práctica docente, para o que establecerán indicadores de logro nas programacións docentes.
- Se garantirá o dereito dos/as alumnos/as a unha avaliación obxectiva e a que a súa dedicación, esforzo e rendemento sexan valorados e recoñecidos con obxectividade. Se adoitarán as medidas precisas para facer públicos e comunicar ás familias os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe avaliáveis, as estratexias e instrumentos de avaliación, así como os criterios de promoción.
- Os/as alumnos/as poderán estar exentos de realizar a avaliación da materia de Lingua Galega e Literatura segundo a normativa autonómica correspondente.
- Se realizará unha avaliación individualizadas a todos/as os/as alumnos/as ao finalizar o terceiro curso de Educación Primaria, segundo dispoña a Consellería

con competencias en materia de educación, na que se comprobará o grao de dominio das destrezas, capacidades e habilidades en expresión e comprensión oral e escrita, cálculo e resolución de problemas en relación co grao de adquisición da competencia en comunicación lingüística e da competencia matemática.

De resultar desfavorable esta avaliación, o equipo docente adoitará as medidas ordinarias e extraordinarias máis axeitadas. Estas medidas fixaranse nos plans de mellora de resultados colectivos ou individuais, que permitirán paliar as dificultades, en colaboración coas familias e mediante recursos de apoio educativo.

Coa fin de facilitar a transición desde a Educación Primaria á Educación Secundaria Obrigatoria, prestarase especial atención á coordinación entre ambas etapas, para salvar as diferenzas pedagóxicas e organizativas e os desaxustes que se poidan producir no progreso académico do alumnado, para o que se terá en conta, entre outros mecanismos, o informa indicativo do nivel obtido na avaliación final de etapa.

Avaliación final de Educación Primaria:

- Ao finalizar o sexto curso de Educación Primaria se realizará unha avaliación final individualizada a todos os alumnos e alumnas, na que se comprobará o grao de adquisición da competencia en comunicación lingüística, da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, así como o logro dos obxectivos da etapa. Dita avaliación realizarase de acordo coas características xerais que establece o Goberno, en colaboración coa Comunidade Autónoma de Galicia.
- Para a avaliación se utilizarán como referentes os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis que figuran nos anexos I e II do Real Decreto 126/2014, de 28 de febreiro, polo que se establece o currículo básico da Educación Primaria, e nos anexos I, II e III do Real Decreto 105/2014, de 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

O resultado da avaliación exprésarase nos seguintes niveis: Insuficiente (IN), para as cualificacións negativas; Suficiente (SU), Ben (BE), Notable (NT) ou Sobresaínte (SB), para as cualificacións positivas.

- O nivel obtido por cada alumno/a farase constar nun informe, que será entregado aos pais, nais ou titores legais e terá carácter informativo e orientador para o centro, para os equipos docentes e para os pais, nais ou titores legais e os alumnos e alumnas. O nivel obtido será indicativo dunha progresión e aprendizaxe axeitados, ou da conveniencia da aplicación de programas dirixidos ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo ou doutras medidas.

Promoción:

- O/a alumno/a accederá ao curso ou etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos da etapa ou os que corresponda ao curso realizado, e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes. De non ser así, poderá repetir unha soa vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio, e que será organizado de acordo co que estableza a Consellería competente en materia educativa.
- A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto de medidas ordinarias de reforzo e apoio para paliar as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

O equipo docente adoitará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente en consideración a información o e criterio do profesor/a titor/a.

Se atenderá especialmente ao resultado das avaliacións individualizadas do terceiro curso de Educación Primaria e final de Educación Primaria.

c) Educación Secundaria Obrigatoria:

Avaliación:

- Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos de etapa nas avaliacións continua e final das materias dos bloques de materias troncais e específicas, serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis que figuran nos anexos I e II do Real

Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

- A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado da Educación Secundaria Obrigatoria será continua, formativa e integradora.

No proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou alumna non sexa o axeitada, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoitaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

A avaliación das aprendizaxes dos/as alumnos/as terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensinanza como dos procesos de aprendizaxe.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será integradora, téndose ne conta desde todas e cada unha das materias a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e o desenvolvemento das competencias correspondente. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice, de maneira diferenciada, a avaliación de cada materia tendo en conta os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxes avaliábeis en cada unha delas.

- Se establecerán as medidas máis axeitadas para que as condicións de realización das avaliacións, incluída a avaliación final de etapa, se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades educativas específicas. Estas adaptacións, en ningún caso, se terán en conta para minorar as cualificacións obtidas.
- Os/as mestres/as avaliarán tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente, para o que establecerán indicadores de logro nas programacións didácticas.
- Se garantirá o dereito dos/as alumnos/as a unha avaliación obxectiva e a que a súa dedicación, esforzo e rendemento sexan valorados e recoñecidos con obxectividade, para o que se establecerán os oportunos procedementos.

Coa fin de garantir o dereito dos/as alumnos/as a que o seu rendemento se valore con arranxo a criterios de plena obxectividade, se adoitarán as medidas

precisas para facer públicos e comunicar ás familias os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe, as estratexias e os instrumentos de avaliación, e os criterios de promoción.

- Os/as alumnos/as poderán estar exentos de realizar a avaliación da materia de Lingua Galega e Literatura segundo a normativa autonómica correspondente.
- O equipo docente, constituído, en cada caso, polos profesores e profesoras do estudante, coordinado polo titor ou titora, actuará de maneira colexiada ao longo do proceso de avaliación e na adopción das decisións resultantes do mesmo.
- Coa fin de facilitar aos alumnos e alumnas a recuperación das materias con avaliación negativa, levaranse a cabo as oportunas probas extraordinarias e programas individualizados nas condicións que se determinen.

Avaliación final de Educación Secundaria Obrigatoria:

- Ao finalizar o cuarto curso, os/as alumnos/as realizarán unha avaliación individualizada pola opción de ensinanzas académicas ou pola de ensinanzas aplicadas, na que se comprobará o logro dos obxectivos da etapa e o grao de adquisición das competencias correspondentes en relación coas seguintes materias:
 - Todas as materias xerais cursadas no bloque de materias troncais, salvo Bioloxía E Xeoloxía e Física e Química, das que o/a alumno/a será avaliarase se as escolle entre as materias de opción.
 - Dúas das materias de opción cursadas no bloque de materias troncais, en cuarto curso.
 - Unha materia do bloque de materias específicas cursada en calquera dos cursos, non sendo Educación Física, Relixión ou Valores Éticos.
- Os/as alumnos/as poderán realizar a avaliación por calquera das opcións de ensinanzas académicas ou ensinanzas aplicadas, con independencia da opción cursada no cuarto curso de Educación Secundaria Obrigatoria, ou por ambas opcións na mesma convocatoria. No caso de que realicen a avaliación por unha opción non cursada, serán avaliados/as das materias requiridas para superar a

avaliación final por dita opción que non tiveran superadas, elixidas polo/a propio/a alumno/a dentro do bloque de materias troncais.

- Poderán presentarse a esta avaliación aqueles/as alumnos/as que obtiveran ben avaliación positiva en tódalas materias, ou ben negativa nun máximo de dúas materias, sempre que non sexan simultaneamente Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas. A estes efectos, Lingua Galega e Literatura terá a mesma consideración que a materia de Lingua Castelá e Literatura.

A efectos deste apartado, so se computarán as materias que, como mínimo, o/a alumno/a debe cursar en cada un dos bloques. Ademais, en relación con aqueles/as alumnos/as que cursen Lingua Galega e Literatura, so se computará unha materia no bloque de materias de libre configuración autonómica, con independencia de que ditos/as alumnos/as poidan cursar máis materias de dito bloque. As materias coa mesma denominación en diferentes cursos de Educación Secundaria Obrigatoria consideraranse como materias distintas.

- De acordo co disposto nos artigos 6bis.2.b) e 29.4 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE), será competencia do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte o establecer os criterios de avaliación e as características das probas, e as deseñará e establecerá o seu contido para cada convocatoria. No caso de Lingua Galega e Literatura, estas funcións corresponden á Consellería en materia de educación.
- A materia de Lingua Galega e Literatura terase en conta para o cálculo da nota obtida en ditas avaliacións finais na mesma proporción que a materia de Lingua Castelá e Literatura. Terán exención da realización destas probas os/as alumnos/as que estean exentos/as de cursar ou de ser avaliadas/as da materia de Lingua Galega e Literatura, segundo a normativa autonómica correspondente.
- A superación desta avaliación requirirá unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10.
- Os/as alumnos que superaran a avaliación pola opción escollida, ou que desexen elevar a súa cualificación final de Educación Secundaria Obrigatoria, poderán repetir a avaliación en convocatorias sucesivas, previa solicitude.

Os/as alumnos/as que superaran esta avaliación por unha opción poderán presentarse de novo á avaliación pola outra opción, se o desexan, e, de non

superala na primeira convocatoria, poderán repetila en convocatorias sucesivas, previa solicitude.

Se tomará en consideración a cualificación máis alta das obtidas nas convocatorias que o/a alumno/a superara.

Se celebrarán, ao menos, dúas convocatorias anuais: unha ordinaria e outra extraordinaria.

Non será necesario que se avalíe de novo ao alumnado que se presente en segunda ou en sucesivas convocatorias das materias que xa superara, a menos que desexase elevar a súa cualificación final.

- Se poderán establecer medidas de atención personalizada dirixidas a aqueles/as alumnos/as que, presentándose á avaliación final de Educación Secundaria Obrigatoria, non a superasen.
- De acordo cos resultados obtidos polo alumnado e en función do diagnóstico e información proporcionados por ditos resultados, estableceranse medidas ordinarias e extraordinarias en relación coas propostas curriculares e a práctica docente. Estas medidas fixaranse en plans de mellora de resultados colectivos ou individuais que permitirán, en colaboración coas familias e empregando os recursos de apoio educativo facilitados pola Consellería en materia de educación, incentivar a motivación e os esforzo dos alumnos para paliar as dificultades.
- A Consellería con competencias en materia de educación poderá establecer medidas de atención personalizada dirixidas aos/ás alumnos/as que, presentándose a avaliación final de Educación Secundaria Obrigatoria, non a superasen.

Promoción:

- As decisións sobre a promoción do alumnado dun curso a outro, dentro da etapa, adoitaranse de maneira colexiada polo conxunto de profesores/as do/a alumno/a respectivo/a, atendendo ao logro dos obxectivos e ao grao de adquisición das competencias correspondentes.

A repetición considerarse unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para paliar as dificultades de aprendizaxe do/a alumno/a.

- Os/as alumnos/as promocionarán de curso cando superen todas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo, e repetirán curso cando teñan unha avaliación negativa en tres ou máis materias, ou en dos materias que sexan Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas, de forma simultánea.

De maneira excepcional, poderá autorizarse a promoción dun/dunha alumno/a con avaliación negativa en tres materias cando se dean conxuntamente a seguintes condicións:

- que dúas das materias con avaliación negativa non sexan simultaneamente Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.
- que o equipo docente considere que a natureza das materias con avaliación negativa non impide ao/á alumno/a seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará á súa evolución académica.
- e que se apliquen ao/á alumno/a as medidas de atención educativas propostas no consello orientador que se entregará aos pais, nais ou tutores legais de cada alumno/a, que poderá incluír a incorporación a un programa de mellora da aprendizaxe e o rendemento ou a un ciclo de Formación Profesional Básica. A efectos deste apartado, so se computarán as materias que, como mínimo, o/a alumno/a debe cursar en cada un dos bloques. Ademais, en relación con aqueles/as alumnos/as que cursen Lingua Galega e Literatura, so se computará unha materia no bloque de materias de libre configuración autonómica, con independencia de que ditos/as alumnos/as poidan cursar máis materias de dito bloque. As materias coa mesma denominación en diferentes cursos da Educación Secundaria Obrigatoria consideraranse como materias distintas. A materia de Lingua Galega e Literatura terá a mesma consideración que a materia de Lingua Castelá e Literatura.

Poderá autorizarse tamén, de forma excepcional, a promoción dun/dunha alumno/a con avaliación negativa en dúas materias que sexan Lingua Castela e Literatura e Matemática de forma simultánea cando o equipo docente considere

que o/a alumno/a pode seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará á súa evolución académica, aplicando as medidas de atención educativa propostas no consello orientador.

A efectos deste apartado, so se computarán as materias que, como mínimo, o/a alumno/a debe cursar en cada un dos bloques, Ademais, en relación con aqueles/as alumnos/as que cursen Lingua Galega e Literatura, so se computará unha materia no bloque de materias de libre configuración autonómica, con independencia de que ditos/as alumnos/as poidan cursar máis materias de dito bloque. As materias coa mesma denominación en diferentes cursos da Educación Secundaria Obrigatoria consideraranse materias distintas. A materia de Lingua Galega e Literatura terá a mesma consideración que a materia de Lingua Castelá e Literatura.

- Aqueles/as que promocionen sen superar todas as materias deberán matricularse das materias non superadas, seguirán os programas de reforzo que estableza o equipo docente e deberán superar as avaliacións correspondentes a ditos programas de reforzo.
- O/a alumno/a que non promocioe deberá permanecer un ano máis no mesmo curso. Esta medida poderá aplicárselle no mesmo curso unha soa vez, e dúas como máximo dentro da etapa. Cando esta segunda repetición deba producirse en terceiro ou cuarto curso, terá dereito a permanecer en réxime ordinario cursando Educación Secundaria Obrigatoria ata os dezanove anos de idade, cumpridos no ano en que finalice o curso. Excepcionalmente, un/unha alumno/a poderá repetir unha segunda vez en cuarto curso si non repetiu nos cursos anteriores da etapa.
- En todo caso, as repeticións se establecerán de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do/a alumno/a e estean orientadas á superación das dificultades detectadas.
- Esta medida irá acompañada dun plan específico personalizado, orientado á superación das dificultades detectadas no curso anterior.
- Coa finalidade de facilitar que todos/as os/as alumnos/as logren os obxectivos e alcancen o axeitado grao de adquisición das competencias correspondentes, estableceranse medidas de reforzo educativo, con especial atención ás necesidades específicas de apoio educativo. A aplicación personalizada das

medidas revisarase periodicamente e, en todo caso, ao finalizar o curso académico.

Ao final de cada un dos cursos de Educación Secundaria Obligatoria se entregará aos pais, nais ou titores legais de cada alumno/a un consello orientador, que incluírá un informe sobre o grao de logro dos obxectivos e a adquisición das competencias correspondentes, así como unha proposta do itinerario máis axeitado a seguir.

O consello orientador incluírase no expediente do/a alumno/a.

7.2. Órganos de coordinación docente.

7.2.1. Equipos de nivel.

Os compoñentes do Claustro, forman os seguintes equipos segundo o nivel educativo no que desempeñan a súa función docente:

A) EDUCACIÓN INFANTIL E EDUCACIÓN PRIMARIA. Equipos pedagóxicos:

- De Segundo Ciclo de Ed. Infantil.
- De Primeiro Curso de Ed. Primaria.
- De Segundo Curso de Ed. Primaria.
- De Terceiro Curso de Ed. Primaria.
- De Cuarto Curso de Ed. Primaria.
- De Quinto Curso de Ed. Primaria.
- De Sexto Curso de Ed. Primaria.

En Primaria, os equipos pedagóxicos son os órganos básicos encargados de organizar e desenvolver as ensinanzas propias do curso. Cada equipo pedagóxico está constituído polos/as mestres/as que imparten docencia nel. Un/unha deles/as será o/a coordinador/a que se encargará de dinamizar toda a Primaria e será o/a responsable de convocar as reunións e levantar acta.

B) EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA:

En Secundaria, o profesorado está organizado en departamentos, de acordo coas súas especialidades e titulación:

- Linguas estranxeiras (Inglés e Francés).
- Filoloxía (Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura).
- Artes plásticas.
- Ciencias, Matemáticas e Tecnoloxía (Matemáticas, Física e Química, Bioloxía e Xeoloxía, Tecnoloxía).
- Educación Física e Deportiva.
- Xeografía e Historia (Historia das Relixións, Cultura Clásica).
- Música
- Valores éticos
- Iniciación á actividade emprendedora e empresarial
- Orientación. (Conformado por unha orientadora, unha especialista de PT y AL, ámbalas dúas de permanencia diaria, e un psicopedagogo, quen acude ao centro dous días por semana).

Os departamentos didácticos son os órganos básicos encargados de organizar e desenvolver as ensinanzas propias das áreas ou materias que teñan asignadas, e as actividades que se lles encomenden.

A cada departamento didáctico pertencerán os/as profesores/as das especialidades que impartan as ensinanzas propias das áreas ou materias asignadas ao departamento.

Son competencias dos departamentos didácticos:

- Formular propostas ao equipo directivo e ao claustro relativas á elaboración ou modificación do Proxecto Educativo e a Programación Xeral Anual.
- Formular propostas á Comisión de Coordinación Pedagóxica relativas á elaboración ou modificación dos proxectos curriculares de etapa.
- Elaborar, antes do comezo do curso académico, a programación didáctica das ensinanzas correspondentes ás materias integradas no departamento, baixo a coordinación e dirección do/a xefe/a do mesmo, e de acordo coas directrices xerais establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica. A programación didáctica incluirá, para cada etapa, os aspectos sinalados no artigo 68 do Real Decreto 83/1996, de 26 de xaneiro.

- Promover a investigación educativa e propoñer actividades de perfeccionamento dos seus membros.
- Manter actualizada a metodoloxía didáctica.
- Colaborar co departamento de orientación, baixo a dirección do/a xefe/a de estudos, na prevención e detección temperá de problemas de aprendizaxe, e elaborar a programación e aplicación de adaptacións curriculares para os/as alumnos/as que o precisen, entre eles/as, os/as alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo e os/as que sigan programas de diversificación.
- Organizar e realizar actividades complementarias en colaboración co departamento correspondente.
- Organizar e realizar as probas necesarias para os/as alumnos/as.
- Resolver as reclamacións derivadas do proceso de avaliación que os/as alumnos/as formulen ao departamento e ditar os informes pertinentes.
- Elaborar, ao final de curso, unha memoria na que se avalíe o desenvolvemento da programación didáctica, a práctica docente e os resultados obtidos.
- Propoñer materias optativas dependentes do departamento, que serán impartidas polos/as profesores/as do mesmo.

Designación dos xefes dos departamentos didácticos:

- Os/as xefes/as dos departamentos didácticos serán designados/as polo director e desempeñarán o seu cargo durante catro cursos académicos.
- A xefatura de departamento será desempeñada por un/unha profesor/a que pertenza ao mesmo.

Son competencias do xefe de departamento:

- Participar na elaboración do proxecto curricular de etapa, coordinar a elaboración da programación didáctica das materias que se integran no departamento e a memoria final de curso, así como redactar ambas.
- Dirixir e coordinar as actividades académicas do departamento.
- Convocar e presidir as reunións ordinarias do departamento e as que, con carácter extraordinario, fora preciso celebrar.

- Elaborar e dar a coñecer aos/ás alumnos/as a información relativa á programación, con especial referencia aos obxectivos, os mínimos esixibles e os criterios de avaliación.
- Realizar as convocatorias, cando corresponda, dos exames para os/as alumnos/as con materias pendentes, e das probas extraordinarias, sempre en coordinación coa xefatura de estudos. Presidir a realización dos exercicios correspondentes e avalialos en colaboración cos membros do departamento.
- Velar polo cumprimento da programación didáctica do departamento e a correcta aplicación dos criterios de avaliación.
- Resolver as reclamacións de final de curso que afecten ao seu departamento, de acordo coas deliberacións dos seus membros, e elaborar os informes pertinentes.
- Coordinar a organización de espazos e instalacións, adquirir o material e o equipamento específico asignado ao departamento, e velar polo seu mantemento.
- Promover a avaliación da práctica docente do seu departamento e dos distintos proxectos e actividades do mesmo.
- Colaborar nas avaliacións que, sobre o funcionamento das actividades do centro, promovan os órganos de goberno do mesmo ou a Administración educativa.

Son funcións do departamento de orientación:

- Formular propostas ao equipo directivo e ao claustro relativas á elaboración ou modificación do Proxecto Educativo do Centro e a Programación Xeral Anual.
- Elaborar, de acordo coas directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica e en colaboración cos/coas titores/as, as propostas de organización da orientación educativa, psicopedagóxica, profesional e do plan de acción tutorial, e elevalas á Comisión de Coordinación Pedagóxica para a súa discusión e posterior inclusión nos proxectos curriculares de etapa.
- Contribuír ao desenvolvemento da orientación educativa, psicopedagóxica e profesional dos/as alumnos/as, especialmente no que concirne aos cambios de ciclo ou etapa, e á elección entre las distintas opcións académicas, formativas e profesionais.

- Contribuír ao desenvolvemento do plan de orientación académica e profesional e do plan de acción tutorial e elevar ao Consello Escolar unha memoria sobre o seu funcionamento ao final do curso.
- Elaborar a proposta de criterios e procedementos previstos para realizar as adaptacións curriculares apropiadas para os/as alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo, e elevala á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa discusión e posterior inclusión nos proxectos curriculares de etapa.
- Colaborar cos/coas profesores/as do centro, baixo a dirección da xefatura de estudos, na prevención e detección temperá de problemas de aprendizaxe, e na programación e aplicación de adaptacións curriculares dirixidas aos/ás alumnos/as que o precisen, entre eles/as os/as alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo e os que sigan programas de diversificación.
- Realizar a avaliación psicolóxica e pedagóxica previa, prevista no artigo 13 do Real Decreto 1007/1991, do 14 de xuño, polo que se establecen as ensinanzas mínimas correspondentes á Ensinanza Secundaria Obrigatoria.
- Asumir a docencia dos grupos de alumnos/as que lle sexan encomendados, de acordo coas normas que se diten ao efecto e co previsto nos artigos 13 e 14 do Real Decreto 1007/1991, de 14 de xuño, e os artigos 5 e 6 do Real Decreto 1701/1991, de 29 de novembro.
- Participar na elaboración do consello orientador que, sobre o futuro académico e profesional do/a alumno/a, ha de formularse segundo o establecido no artigo 15.2 do Real Decreto 1007/1991, de 14 de xuño, ao remate da educación secundaria obrigatoria.
- Formular propostas á Comisión de Coordinación Pedagóxica sobre os aspectos psicopedagóxicos do proxecto curricular.
- Promover a investigación educativa e propoñer actividades de perfeccionamento dos seus membros.
- Organizar e realizar actividades complementarias en colaboración co departamento correspondente.
- Elaborar o plan de actividades do departamento e, ao final de curso, unha memoria na que se avalíe o desenvolvemento do mesmo.

Designación do xefe do departamento de orientación:

- O/a xefe/a do departamento de orientación será designado polo director e desempeñará o seu cargo durante catro cursos académicos.
- A xefatura do departamento de orientación será desempeñada por un/unha profesor/a do mesmo, preferentemente da especialidade de Psicoloxía e Pedagogía, ao amparo do Artigo 43 do Real Decreto 1701/1991, de 29 de novembro.
- O/a xefe/a do departamento de orientación actuará baixo a dependencia directa da xefatura de estudos e en estreita colaboración co equipo directivo.

Competencias do xefe do departamento de orientación:

- Participar na elaboración do proxecto curricular de etapa.
- Redactar o plan de actividades do departamento e a memoria final de curso.
- Dirixir e coordinar as actividades do departamento.
- Convocar e presidir as reunións ordinarias do departamento e as que, con carácter extraordinario, fora preciso celebrar.
- Elaborar e dar a coñecer aos/ás alumnos/as a información relativa ás actividades do departamento.
- Coordinar a organización de espazos e instalacións, adquirir e material e o equipamento específico asignado ao departamento e velar polo seu mantemento.
- Promover a avaliación da práctica docente do seu departamento e dos distintos proxectos e actividades do mesmo.
- Colaborar nas avaliacións que, sobre o funcionamento e as actividades do centro, promovan os órganos de goberno do mesmo ou a Administración educativa.
- Velar polo cumprimento do plan de actividades do departamento.

7.2.2. Equipo de Normalización Lingüística.

Dadas as características do alumnado, a lingua empregada é a que os/as alumnos/as falan cando chegan ó Centro —maioritariamente castelán-falantes— pero se inclúe o galego como materia curricular.

Sen embargo, tense presente e poténciase a realidade galega, a cultura a historia, o folclore..., e aproveítanse as datas sinaladas para facer actividades relacionadas co Magosto, o Nadal, a aprendizaxe de panxoliñas, o entroido..., dándolle especial relevancia ó Día das Letras Galegas e á elaboración da revista escolar.

As comunicacións oficiais faranse en galego, igual que os boletíns de avaliacións ou calquera outro informe que nos sexa demandado.

Os/as integrantes deste equipo son os/as docentes titulares da materia Lingua e Literatura Galega en Primaria e Secundaria.

7.2.3. Equipo de Actividades complementarias e extraescolares.

O equipo de actividades complementarias e extraescolares se encargará de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades. Estará integrado polo/a xefe/a do mesmo e, para cada actividade concreta, polos/as profesores/as e alumnos/as responsables da mesma.

O/a xefe/a de departamento de actividades complementarias e extraescolares será designado polo director, á proposta do xefe de estudos, por un período de un anos e actuará baixo a dependencia directa do xefe de estudos e en estreita colaboración co equipo directivo.

Funcións do xefe de departamento de actividades complementarias e extraescolares:

- Participar na elaboración do proxecto curricular de etapa.
- Elaborar o programa anual das actividades complementarias e extraescolares no que se recollerán as propostas dos departamentos, dos/as profesores/as, dos/as alumnos/as e dos pais/nais/titores legais.
- Elaborar e dar a coñecer aos/ás alumnos/as a información relativa ás actividades do departamento.
- Promover e coordinar as actividades culturais e deportivas en colaboración co claustro, os departamentos, delegados/as de alumnos/as, as asociación de pais/nais e de alumnos/as.

- Coordinar a organización das viaxes de estudos, os intercambios escolares e calquera tipo de viaxes que se realicen cos/coas alumnos/as.
- Distribuír os recursos económicos destinados polo Consello Escolar ás actividades complementarias e extraescolares.
- Organizar a utilización da biblioteca do centro.
- Elaborar unha memoria final de curso coa avaliación das actividades realizadas que se incluírá na memoria da dirección.
- Encargarase de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades, tendo como referencia a normativa vixente.

7.2.4. Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Composición da Comisión de Coordinación Pedagóxica:

En Educación Secundaria existirá unha Comisión de Coordinación Pedagóxica, que estará integrada, polo menos, polo director, que será o presidente, o xefe de estudos e os/as xefes/as de departamento. Actuará como secretario o/a xefe/a de departamento de menor idade.

Competencias da comisión de coordinación pedagóxica en relación co réxime de funcionamento regulado no Título V deste Regulamento:

- Establecer as directrices xerais para a elaboración e revisión dos proxectos curriculares de etapa.
- Supervisar a elaboración e revisión, así como coordinar e responsabilizarse da redacción dos proxectos curriculares de etapa e a súa posible modificación, e asegurar a súa coherencia co proxecto educativo do centro.
- Establecer as directrices xerais para a elaboración e revisión das programacións didácticas dos departamentos, do plan de orientación académica e profesional e do plan de acción tutorial, incluídos no proxecto curricular de etapa.
- Propoñer ao claustro os proxectos curriculares para a súa aprobación.
- Velar polo cumprimento e posterior avaliación dos proxectos curriculares de etapa.
- Propoñer ao claustro a planificación xeral das sesións de avaliación e cualificación e o calendario de exames ou probas extraordinarias, de acordo coa xefatura de estudos.

- Propoñer ao claustro de profesores/as o plan para avaliar o proxecto curricular de cada etapa, os aspectos docentes do proxecto educativo e a programación xeral anual, a evolución do rendemento escolar do centro e o proceso de ensinanza.
- Fomentar a avaliación de todas as actividades e proxectos do centro, colaborar coas avaliacións que se leven a cabo á iniciativa dos órganos de goberno ou da Administración educativa e impulsar plans de mellora en caso de que se estime necesario, como resultado de ditas avaliacións.

7.2.5. Titores/as.

A tutoría e orientación dos/as alumnos/as forma parte da función docente. O/a titor/a será designado polo director, a proposta do xefe de estudos, entre os/as profesores/as que impartan docencia ao grupo.

Funcións do/a titor/a:

- Participar no desenvolvemento do plan de acción tutorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do xefe de estudos e en colaboración co departamento de orientación do centro.
- Coordinar o proceso de avaliación dos/as alumnos/as de seu grupo.
- Organizar e presidir a xunta de profesores/as e as sesións de avaliación do seu grupo.
- Facilitar a integración dos/as alumnos/as no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do centro.
- Orientar e asesorar aos/ás alumnos/as sobre as súas posibilidades académicas e profesionais.
- Colaborar co departamento de orientación nos termos que estableza a xefatura de estudos.
- Encouzar as demandas e inquietudes dos/as alumnos/as e mediar, en colaboración co delegado do grupo, ante o resto dos/as profesores/as e o equipo directivo nos problemas que se plantexen.
- Coordinar as actividades complementarias para os/as alumnos/as do grupo.

- Informar aos pais/nais/titores legais, aos/ás profesores/as e aos/ás alumnos/as do grupo de todo aquilo que lles competa, en relación coas actividades docentes e complementarias e co rendemento académico.
- Facilitar a cooperación educativa entre os/as profesores/as e os pais/nais/titores legais dos/as alumnos/as.

A función do/a titor/a debe verse reforzada polo orientador e o psicopedagogo.

7.3. Órganos de Goberno e Xestión.

A composición e competencias dos órganos de goberno, tanto unipersoais como colexiados, seguirán o establecido na normativa vixente e no Regulamento de Réxime Interior.

7.3.1. Órganos Unipersoais (equipo directivo):

- Administrador
- Director/a
- Xefe/a de estudos.
- Secretario/a.
- Coordinadores das distintas etapas.

7.3.2. Órganos Colexiados:

- **Claustro: todos los profesores**

Son **competencias** do claustro:

- Elevar ó equipo directivo propostas para a elaboración dos proxectos educativo e curricular do centro e da programación xeral anual.
- Aprobar e avaliar os proxectos curriculares e os aspectos docentes da programación xeral anual, conforme o proxecto educativo do centro, No 206 L Luns, 21 de outubro de 1996 DIARIO OFICIAL DE GALICIA 9.275
- Determinar cal é a lingua materna predominante entre os alumnos e alumnas, así como a lingua ambiental, co fin de que o profesorado de Educación Infantil a use na clase coidando á súa vez que adquiran de forma oral e escrita o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, dentro dos límites propios da

correspondente etapa ou ciclo.

- Aprobar o procedemento que permita determinar de xeito individualizado o coñecemento da lingua materna dos alumnos e alumnas co fin de que sexan atendidos adecuadamente.
- Promover iniciativas no ámbito da experimentación e da investigación pedagóxica e na formación do profesorado do centro.
- Elixir os seus representantes no consello escolar do centro e no consello directivo do centro de formación continuada do profesorado.
- Propoñer todo tipo de iniciativas que tendan a mellorar o funcionamento do centro en calquera dos seus aspectos.
- Aprobar os criterios pedagóxicos para a elaboración dos horarios dos/as alumnos/as.
- Aprobar a planificación xeral das sesións de avaliación e cualificación.
- Analizar e valorar o rendemento escolar do centro mediante os resultados das avaliacións e outros parámetros que se consideren pertinentes.
- Coñecer as candidaturas á dirección e os programas presentados polos/as candidatos/as.
- Coordinar as funcións referentes a orientación, titoría, avaliación e recuperación dos alumnos e alumnas.
- Analizar e valorar os resultados da avaliación que do centro realice a Administración educativa ou calquera informe referente á súa marcha.
- Colaborar coa inspección educativa nos plans de avaliación do centro.

- **Consello Escolar:**

Membros natos: Administrador, Director, xefe de estudos, secretario.

Membros elixidos: profesores/as, pais/nais/titores legais, alumnos/as (1ºESO), representante PAS (Persoal Administración e Servizos), e Representante da organización empresarial.

A elección faise en cada grupo, e a renovación da metade dos membros será cada dous anos, axustándose á normativa vixente (Sección 1, Artigos 31 ao 62 do Real Decreto 819/1993, de 28 de maio, do Regulamento Orgánico de Centros).

O consello escolar do Centro terá as seguintes atribucións:

- Establecer as directrices e elaborar propostas para a elaboración do proxecto educativo do centro, aprobalo, avalialo e, se é o caso, introducir modificacións, sen prexuízo das competencias que o claustro de profesores ten atribuídas en relación coa planificación e organización docente.
- Decidir sobre a admisión de alumnos/as, con suxeición ó establecido na lexislación vixente.
- Aprobar e modificar o Regulamento de réxime interior do centro.
- Resolver os conflitos e impoñer as correccións con finalidade pedagóxica que correspondan a aquelas condutas do alumnado que prexudiquen gravemente a convivencia no centro.
- Aprobar o proxecto de orzamento do centro e a execución del.
- Aprobar e avaliar a programación xeral anual do centro, respectando, en todo caso, os aspectos docentes que competen ó claustro.
- Aprobar a programación das actividades extraescolares e complementarias e avaliar o seu desenvolvemento.
- Establecer as directrices para a participación do centro en actividades culturais, deportivas e recreativas.
- Establecer os criterios de colaboración con outros centros, entidades ou organismos.
- Promover a renovación das instalacións e equipamento do centro, e vixiar a súa conservación.
- Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados da avaliación que do centro realice a Administración educativa.
- Colaborar coa inspección educativa nos planos de avaliación de centro, nos termos que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria estableza.
- Regular o procedemento de autorización das saídas voluntarias entre clase ou en períodos de lecer do alumnado do centro.

7.4. Órganos de representación.

- Alumnos (delegados).

7.5. Servicios Complementarios.

- Comedor (14:00 – 16:30).
- Aula de madrugadores (8:00- 9:00).
- Aulas de espera para conciliación familiar (14:00- 14:30).
- Atención especializada non docente: Servizo de psicoloxía.
- Actividades extraescolares (16:30- 18:10).
- Servizo de Xestión Integral (CIFRA).

Estes servizos non están engadidos no concerto educativo, teñen carácter voluntario pero unha gran parte dos/as alumnos/as fan uso deles. Algúns destes servizos teñen custo para as familias.

7.6. Actividades complementarias e extraescolares.

Unha vez finalizada a xornada lectiva e o servizo de Comedor Escolar, se realizan unha serie de actividades/obradoiros extraescolares, de luns a venres, e en horario de 16:30 a 18:10 h, elixidos voluntariamente polos/as país/nais/titores legais. Se buscan obradoiros que sexan de prezo asumible polas familias e sempre que non contemplen materias ou actividades que formen parte do currículo. Fundamentalmente, estes obradoiros van encamiñados a actividades lúdicas, deportivas e atractivas para o alumnado, adecuándoas á súa idade.

Como complementarias, dentro do horario lectivo, que se realizan cada curso figuran, entre outras :

- Día da Paz.
- Día del Libro.
- Día das Letras Galegas.
- Excursións .
- Visitas a museos.
- Saídas ao Teatro ou cine.
- Diversas visitas que se ofertan por institucións como poden ser entidades bancarias, Concello, Deputación...
- Xornadas solidarias.
- Participación en campañas de saúde, hixiene e alimentación saudable.
- Charlas formativas.
- Concursos.
- Convivencias.
- Actos de graduación.

7.7. Relación con outras institucións.

7.7.1. Coa Comunidade Educativa.

En primeiro lugar, o Centro estará en coordinación e mutua colaboración coas familias do colexio. Se creará un ambiente propicio para o diálogo que facilite a

comunicación entre todos os sectores da Comunidade Educativa. Se considera indispensable unha estreita colaboración coas familias, traballando xuntos na tarefa educativa, conscientes de que son os primeiros e principais educadores dos/as nosos/as alumnos/as.

7.7.2. Con outras institucións.

Se aproveitarán as ofertas educativas que proveñan de institucións oficiais:

- Concello de Vigo e de Baiona: Colexio e Concellos colaboran na organización de actividades complementarias, tanto deportivas como culturais ou lingüísticas.
- Xunta de Galicia: Campañas medioambientais, sanitarias , Plan Director, becas de perfeccionamento de inglés, etc...
- Deputación Provincial...
- Centro de Saúde : co que hai convenio de colaboración no seguro escolar..
- Empresas privadas para a realización das activades extraescolares.
- Empresa de transporte
- Servizos sociais do concello
- Departamento de Menores

O Colexio non colaborará con aquelas asociacións ou entidades que, a xuízo do Centro, encubertos tras algunha actividade cultural, persigan prioritariamente intereses comerciais.

8. PLANS E PROXECTOS

8.1. PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Enténdese por **Atención a Diversidade** “[...] o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado” (*Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula á atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación*).

A atención á diversidade rexerese polos principios de normalización e inclusión, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa.

O conxunto de medidas e accións artículanse a través do Plan de Atención a Diversidade, que é o “ documento en que se articula a atención a diversidade[...]. Neste plan concretaranse todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que un centro educativo diseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado” (*art.10. D. 229/2011*)

Polo que é necesario no noso centro elaborar o Plan Xeral de Atención a Diversidade para facer realidade a igualdade de todo o alumando. Para que este conte coas medidas e recursos educativos que responda as súas necesidades e características persoais.

Na LOE inclúese o termo **ANEAE** entendéndose como os alumnos “[...]que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde o sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar[...].” (art.71 LOE) e “Se entende por alumnado que presenta Necesidades Educativas Especiais, (NEE), aquel que requira, por un período da súa escolarización ou ó longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastorno grave de conduta”(art.73 LOE).

A IDENTIFICACIÓN TEMPERÁ DAS NECESIDADES: A AVALIACIÓN INICIAL

A identificación temperá das necesidades educativas do alumnado, a súa valoración e resposta educativa procedente constitúen procesos necesarios para adecuar as medidas e recursos educativos á diversidade.

A avaliación inicial constitúe un factor preventivo por excelencia na atención a diversidade, en xeral, e na atención a diversidade ao alumnado con NEAE en particular. No centro, ao principio do curso e en todos os grupos, cursos e etapas educativas, faise unha avaliación inicial da situación, dos alumnos individualmente, para coñecer a situación na que se atopan neste intre. Esta avaliación, referida aos niveis de competencia curricular de cada materia, deberá ser ampliada cando se trate de alumnos con necesidades educativas especiais a fin de adecuar os curriculums e poder programar as adaptacións curriculares e diseñar as accións educativas e reforzos co axuste preciso ao nivel de coñecementos dos alumnos.

A posibilidade de contar cunha información ordenada, completa e comparativa dos niveis competenciais daranos unha información moi valiosa para poder prever e compensar as dificultades coas que se atopan algúns alumnos ou incluso grupos de alumnos replantexando as distintas accións educativas a levar a cabo como metodoloxía, reforzos, apoios...

Hai que ter en conta que na propia normativa de atención á diversidade dise que “ ***porase enfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia familiar***” e tamén que “***será tarefa prioritaria da persoa titora e de todo o profesorado implicado a detección temperá das dificultades para unha vez detectadas, tomar as decisións máis axeitadas para superalas***”. Isto débese facer, entre outras formas, a través da avaliación inicial.

A AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓGICA: O PROCESO DA VALORACIÓN INDIVIDUALIZADA DAS NECESIDADES

“Entendese por *avaliación psicopedagóxica* o procedemento de recollida, análise e valoración da información relevante dos distintos elementos que interveñen no proceso de ensino-aprendizaxe, coa finalidade de identifica- las necesidades educativas de determinados alumnos que presentan ou poden presentar desaxustes no seu desenvolvemento persoal ou académico, e poder fundamenta- las decisións respecto de aspectos tales como a modalidade de escolarización máis axeitada, a proposta de flexibilización do periodo de escolarización, a elaboración de adaptacións curriculares, a proposta de diversificación do currículo, a determinación de recursos e apoios específicos complementarios, a orientación escolar e profesional e cantos outros aspectos que aqueles poidan precisar para progresar no desenvolvemento harmónico das distintas capacidades” (Art 3. Orden 31/10/96)

É competencia e responsabilidade da xefatura do Departamento de Orientación, coa colaboración, de ser o caso, dos equipos específicos.

PROCEDEMENTO

A avaliación psicopedagóxica constitúe un proceso de recollida de información acerca das características individuais do alumno e do seu contexto sociofamiliar e escolar que resulte relevante para axusta-la resposta educativa ás súas necesidades.

A avaliación psicopedagóxica deberá recoller os aspectos seguintes:

- a) Características individuais do alumno: avaliaranse aspectos como as condicións persoais de discapacidade ou de sobredotación, antecedentes escolares dignos de ser sinalados, grao de motivación e intereses, nivel de competencia curricular acadado e estilos de aprendizaxe.
- b) Características do contexto sociofamiliar: analizaranse aquelas características da familia e do seu contorno social, cultural ou económico de interese para comprender mellor a situación actual do alumno, as expectativas dos pais e as posibilidades de cooperación no desenvolvemento do programa de atención educativa na propia familia.
- c) Características do contexto escolar: analizaranse aspectos como a organización do centro, as características da intervención educativa, así como as características e relacións que se establecen no grupo clase e no ámbito xeral do centro.

INFORME PSICOPEDAGÓXICO

Os resultados e conclusións da avaliación psicopedagóxica recolleranse nun informe psicopedagóxico no cal deberán figurar a situación evolutiva e educativa da alumna ou alumno, a concreción das súas necesidades educativas, as orientacións curriculares, a proposta de escolarización, a determinación das axudas necesarias, o procedemento para a revisión e/ou actualización do informe e cantas outras orientacións se consideren oportunas. Este informe xuntarase á documentación que conforma o expediente escolar da alumna ou alumno.

As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado deberán ser informados dos resultados das avaliacións psicopedagóxicas e das medidas propostas.

DICTAME DE ESCOLARIZACIÓN

O *ditame de escolarización* para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo *realizarse*, no caso de que se consideren necesarios recursos extraordinarios de atención educativa ou ben unha modalidade de escolarización distinta da ordinaria, nas seguintes situacións:

- a) Alumnado de nova incorporación ao sistema educativo.
- b) Alumnado que comeza un novo tipo de ensinanzas.
- c) Alumnado para quen se propón un cambio na súa modalidade de escolarización.
- d) Outras situacións de carácter excepcional que a Administración educativa considere.

O *ditame de escolarización* consiste nun informe persoal dunha alumna ou dun alumno elaborado polos servizos de Orientación, no cal *se recollerán*, cando menos:

- a) As conclusións da avaliación psicopedagóxica.
- b) As orientacións sobre a proposta curricular adecuada e, de ser o caso, sobre os recursos persoais e materiais necesarios.
- c) A proposta de escolarización.
- d) A opinión das nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado respecto desa proposta.

A elaboración do ditame de escolarización corresponderá á xefatura do Departamento de Orientación, do centro en que está escolarizada a alumna ou o alumno ou para o cal solicita a súa escolarización por primeira vez, quen poderá contar, de ser o caso, coa colaboración do equipo de orientación específico correspondente.

No caso de cambio de centro escolar, pero dentro do mesmo tipo de ensinanzas, revisarase o último ditame de escolarización e non será necesario elaborar un novo ditame agás que haxa circunstancias que así o requiran ou que o dito traslado supoña, tamén, un cambio na modalidade de escolarización. A revisión e, de ser o caso, elaboración dun novo ditame correspóndelle á xefatura do Departamento de Orientación do centro que recibe a solicitude de escolarización, que requirirá ao centro de procedencia, a través das respectivas direccións, a información escrita que corresponda.

Cando sexa necesario modificar a modalidade de escolarización dun alumno ou dunha alumna ou cando circunstancias especiais así o aconsellen, ademais do ditame de escolarización que elabore a xefatura do Departamento de Orientación do centro correspondente, a xefatura territorial de Educación poderá requirir ao equipo de orientación específico a elaboración dun ditame complementario ao emitido pola xefatura do Departamento de Orientación do centro educativo.

DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS

Os obxectivos a conseguir con este Plan de Atención a Diversidade son os seguintes:

1. Tomar as decisións e adoptar as medidas que optimicen a acción educativa, respondan ás necesidades do alumnado e contribúan á consecución das competencias e dos obxectivos das diferentes etapas e ensinanzas.
2. Diseñar e poñer en práctica accións preventivas e de detección temperá, garantindo un tratamento educativo personalizado e adaptado á realidade de cada alumna e de cada alumno.
3. Concretar e desenvolver os principios de atención á diversidade nas decisións de carácter pedagógico, organizativo e de xestión do centro.
4. Desenvolver medidas e actuacións de tipo curricular, relacional e organizativo para promover a convivencia, a non discriminación e o respecto polas diferenzas.

5. Optimizar a organización dos recursos do centro para atender e dar resposta ás necesidades de todo o alumnado, en particular daquel con necesidade específica de apoio educativo.
6. Potenciar a acción titorial e orientadora por parte de todo o profesorado.
7. Promover a implicación das nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado no proceso educativo.
8. Impulsar a participación do profesorado en actividades de formación e innovación, así como o intercambio de experiencias no ámbito da atención á diversidade.
9. Adoptar, no ámbito da súa autonomía, cantas outras actuacións favorezan a atención á diversidade do alumnado, contando, cando cumpra, coa correspondente autorización.

DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

ACTUACIÓNS DENDE O CENTRO

As actuacións que se levan a cabo para acadar os obxectivos do Plan de Xeral de Atención a Diversidades se artellarán a través de diversas medidas que implican a toda comunidade educativa:

- Proxecto Educativo. Plan de Orientación.
- Medidas ordinarias de atención á diversidade. Medidas extraordinarias de atención á diversidade.

- Proxecto educativo:

- Plan de Acción Titorial:

Dentro deste plan inclúense actuacións específicas para o alumnado con necesidade específica de atención educativa e as súas familias, así como aqueloutras actuacións que den resposta á diversidade de motivacións, intereses, crenzas e culturas.

- Plan de Orientación:

A finalidade da orientación educativa é facilitar o desenvolvemento armónico e integral do noso alumnado, promovendo actuacións encamiñadas á

individualización da ensinanza, a inclusión e a normalización da atención educativa.

- Plan de Acolida e Adaptación:

Este plan está dirixido a todo aquel alumnado que se incorpora ó noso centro. Faremos distinción entre o alumnado que comeza a súa escolaridade en EI de 3 anos e que seguirá un período de Adaptación progresivo e en estreito contacto coa familia; e o alumnado que se incorpora ó centro procedente doutro centro, do estranxeiro ou doutro lugar de España.

MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Enténdese por “medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias” (art.7 D.229/11)

MEDIDAS ORDINARIAS

As medidas ordinarias de atención á diversidade son todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural e as características do alumnado. Teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas.

No noso centro as **medidas ordinarias de atención a diversidade** que se levan a cabo son:

a) *Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.*

b) *Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.*

c) *Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación:* esta medida está moi presente no centro por ser un centro de escolarización preferente

de alumnado motórico este alumnado na maioría das ocasións precisa un maior tempo para levar a cabo as probas como unha redución das mesmas.

d) Medidas de apoio e reforzo educativo proporcionadas polo profesor/a titor/a no seu grupo ou coa axuda dos especialistas de Pedagogía terapéutica e / ou Audición e linguaxe dentro ou fora , ocasionalmente da aula ordinaria.

e) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria: O reforzo educativo é unha medida ordinaria de atención á diversidade que afecta a elementos non prescriptivos do currículo, é dicir, a secuencia de contidos, as formas e instrumentos de avaliación, á organización da aula, ós agrupamentos de alumnos e todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía. As medidas de R.E. non suporán necesariamente medidas extraordinarias nin necesitarán de autorización para ser levadas a cabo.

As medidas de RE serán elaboradas polo profesorado titor ou polo profesorado de área co coñecemento do titor/a, podendo solicitar asesoramento do Departamento de Orientación e/ou do/a profesor/a de apoio.

O/a titor/a debe comunicarllo ao equipo directivo e ás familias. Farase constar no Documento Individual de Reforzo Educativo así como nas actas de avaliación e na información dos Boletíns de avaliación ás familias.

Debe constar como RE no expediente e historial académico do alumno/a.

Haberá que realizar un seguimento da evolución do alumno periódicamente para corrixir posibles desaxustes, alomenos trimestralmente nas sesións de avaliación.

Modalidades do Reforzo Educativo:

Segundo as características do alumnado, podemos establecer varias modalidades de Reforzo Educativo:

a) Reforzo educativo sen apoio: Medidas que o propio profesor/a deseña e aplica con aqueles alumnos/as que teñen certas dificultades de seguimento da programación.

b) *Reforzo educativo con apoio*: Medidas que contemplan un apoio temporal, ben por parte do profesorado dispoñible (Orde do 22 de xullo de 1997, capítulo IV punto 2.1.9..), e/ou ben por un profesor/a especialista en PT ou AL.

c) *Programas de enriquecemento curricular*.

d) *Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas*.

e) *Programas de recuperación*.

f) *Programas específicos personalizados*: Programas de desenvolvemento do currículo ordinario nos que se establecen as condicións básicas para a consecución dos obxectivos da etapa, a través de metodoloxías específicas, e/ou diferente organización de contidos

g) *Programa de habilidades sociais*: dende o equipo de Convivencia no centro lévanse a cabo diferentes programas de habilidades sociais por partes do profesores tutores.

h) *A acción titorial*, que permite garantir o seguimento sistemático do alumnado para previr e detectar dificultades en todos os ámbitos, escolar, persoal e social co fin de dar resposta ás necesidades individuais. “ Na educación primaria , a acción titorial orientará o proceso educativo individual e colectivo do alumnado, sen prexuízo das competencias e a necesaria coordinación , se é o caso, do D.O.” (Decreto 130/2007. Art. 14- Titoría).

i) *A permanencia dun curso máis no nivel ou ciclo correspondente segundo o establecido para cada etapa educativa*: Esta medida só se debe plantexar cando non dean resultado outro tipo de medidas como o reforzo educativo. Esta medida non debe consistir nunca nunha simple repetición de actividades do curso anterior.

A repetición de curso debe entenderse como un medio de recuperación e debe ir polo tanto acompañada e asociada a un plan de traballo que permita ao alumno/a superar os problemas específicos que presenta.

Será importante levala a cabo o máis pronto posible, e dicir, nos primeiros cursos da etapa de Primaria.

j) *A flexibilización da duración de ciclos ou etapa*: O alumnado con necesidades educativas especiais poderá ser obxecto de medidas de flexibilización da súa escolarización, para o que será necesaria a autorización da inspección educativa, tal como se recolle na orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado non universitario con necesidades educativas especiais.

Para tal fin, será imprescindible a constatación da aplicación previa doutras medidas de adaptación curricular ou organizativas previstas para a atención do alumnado con n.e.e.

Na educación infantil poderase aumentar ou reducirse excepcionalmente nun ano máis respecto do disposto con carácter xeral. En ningún caso será posible permanecer nesta etapa máis alá do ano natural no que se cumpran os **sete** anos.

Na educación primaria, poderase aumentar ou reducirse excepcionalmente nun ano con respecto do disposto con carácter xeral. No caso de non ter permanecido un ano máis na educación infantil será posible aumentar un segundo ano con carácter excepcional. En calquera caso, non se poderá continuar na educación primaria máis alá do ano natural no que se cumpran **quince** anos.

Para acollerse ás flexibilizacións a dirección do centro presentará a oportuna solicitude na correspondente delegación provincial, onde se acompañará a seguinte **documentación**:

- Informe que xustifique a necesidade da medida, elaborado polo Departamento de Orientación.
- Conformidade expresa dos pais ou tutores legais do alumno.
- Certificación académica.
- Proposta de adaptación do currículo.

k) *Apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica e/ou en audición e linguaxe: (D374/96 art. 84)* ademais da atención docente que lle corresponde prestar ós alumnos en función das súas necesidades, desenvolverá:

- Coordinar, en colaboración co xefe de estudos, as cuestións relacionado coa educación e a súa estancia no centro dos alumnos con algún tipo de minusvalía física, psíquica ou sensorial.
- Colaborar coa CCP na elaboración de plans de actuación respecto ó alumnado con NEE
- Orientar ao profesorado que imparte docencia con los alumnos con NEE, así como a eles mesmos e a os seus pais sobre cuestións de interese para o seu desenvolvemento.
- Colaborar co profesor titor e co resto do profesorado na elaboración de AC e no seu seguimento e na súa avaliación.
- Aquelas outras funcións que se lle poidan asignar no ámbito de apoio ó alumnado con NEE.

l) *Grupos de adaptación da competencia curricular: “son agrupamentos flexibles que terán por finalidade, a través dunha atención individualizada, o progreso na súa competencia curricular, de xeito que se lle posibilite a plena incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ó curso no que se atope escolarizado” (Orde 20 de febreiro de 2004 polo que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do extranxeiro).*

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

As medidas extraordinarias de atención á diversidade son todas as aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con NEAE que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultares estas insuficientes.

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización.

Son medidas **extraordinarias**:

a) *Adaptación curricular de acceso, para aportar recursos, materiais ou de comunicación que faciliten o desenvolvemento do currículo ordinario ou dun currículo especial:* esta medida cobra especial relevancia por ser un centro de escolarización preferente de alumnado motórico xa que en moitas ocasións este alumnado precisa de adaptacións.

b) *Adaptación curricular significativa proposta para o alumnado que presenta un desfase de máis dun ciclo ou dous cursos e que afecte á maioría das áreas ou materias:* As adaptacións curriculares que modifican os elementos de acceso e/ou preceptivos do currículo, dirixidas ao alumnado que presenta necesidades educativas derivadas de discapacidade ou graves trastornos de conduta; as dificultades específicas de aprendizaxe; altas capacidades intelectuais; incorporación tardía ao sistema educativo ou aquelas derivadas de condicións persoais e sociais desfavorables. A adaptación curricular permitirá adecuar e adaptar o currículo ordinario a un alumno ou alumna ou a un grupo, priorizando, substituíndo, modificando ou eliminando algúns aspectos curriculares para facilitar o desenvolvemento das competencias básicas.

A elaboración dunha A.C.I. é a consecuencia final dun proceso de decisións no que intentouse previamente atopar solucións en niveis menos específicos, mais normalizados, é dicir unha vez esgotadas outras medidas ordinarias de intervención educativa.

Adaptacións curriculares son as modificacións dun o mais elementos do currículo, como son os obxectivos , os contidos e os criterios de avaliación, para atender ás necesidades educativas dun alumno ou alumna motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal como polas súas capacidades excepcionais.

O referente de toda A.C.I..serán os obxectivos xerais de etapa concretados no P.C. para cada ciclo.

Os obxectivos poderán pertencer , se é o caso, a outro ciclo ou etapa distinta do que curse o alumno obxecto da A.C.I

Decidirase a conveniencia de facer unha A.C.I. para un/a alumno/a determinado, unha vez esgotadas as medidas ordinarias de intervención educativa.: permanencia dun ano máis no mesmo nivel, reforzo educativo...

As Adaptacións Curriculares necesitarán autorización da inspección educativa correspondente.

Serán elementos do currículo susceptibles de modificacións os obxectivos , que poderán ser reaxustados, reducidos, suprimidos, complementados ou ampliados, se é o caso; os contidos que tamén poderán ser modificados, complementados e mesmo suprimidos; e os criterios de avaliación, que poderán adaptados complementados, modificados e mesmo suprimidos.

Estarán dirixidos a alumnos e alumnas que por diversas razóns educativas, sociais, culturais, por padecer déficit de calquera orde ou por posuír cualidades excepcionais, non poden segui-lo proceso ordinario de ensino- aprendizaxe sen medidas de modificación esencial do currículo de referencia.

O seu deseño e desenvolvemento será responsabilidade do profesor ou profesora que imparte a área ou materia ó alumno, co asesoramento do responsable da orientación educativa do centro e, se é o caso de calquera outro profesional que participe na atención ó devandito alumno.Terán a duración mínima dun ciclo educativo.

O seu desenvolvemento realizarase integrado, na medida do posible, nas accións educativas ordinarias do grupo de alumnos de referencia.

Proceso de elaboración :

- Para levar a cabo unha Adaptación Curricular en calquera das áreas ou materias do currículo , se deberá realizar unha avaliación diagnóstica na que se recollerán os datos relevantes sobre a situación socio- familiar do alumno e sobre o seu proceso de aprendizaxe, aportados tanto polo equipo educativo responsable do alumno, como pola orientadora do centro ou calquera outro profesional que estea participando na atención ó devandito alumno.
- Se deberá realizar unha reunión coordinada polo xefe de estudos á que asistirá a orientadora, ó titor , os profesores que imparten as áreas ou materias que se consideran obxecto da A.C. Nesta reunión decidirse a pertinencia da Adaptación Curricular, así como aqueles elementos do currículo que , se é o caso, deberán ser modificados.
- Elaborarase a adaptación do currículo de referencia nas áreas ou materias acordadas.
- A avaliación diagnóstica, o documento de adaptación curricular e o informe do servizo da inspección educativa formarán parte do expediente do alumno ou alumna e terán carácter confidencial.
- A avaliación destes alumnos/as realizarase tendo en conta os criterios de avaliación da ACIS. O profesor/a que realice a ACIS deberá elaborar un informe ao final de curso do progreso realizado polo alumno/a o cal formará parte da ACI e que será coñecido pola familia. Trimestralmente informarase á familia. Para efectos de promoción o referente son os obxectivos establecidos na súa Adaptación curricular, tal como se sinala na orde de 23 de novembro de 2007 (DOG 30 de novembro 2007) pola que se regula a avaliación na Educación na Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, así como nas ordes de desenvolvemento da implantación da Primaria. Reflectirase como ACS no expediente académico do/a alumno/a.

Revisión:

As A.C.I.s revisaranse periodicamente , polo menos unha vez ao remate de cada curso. As posibles modificacións só requirirán unha nova autorización no caso de

que se produzan en referencia ós obxectivos e ós criterios de avaliación do ciclo sobre o que se elabora a A.C.

DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS

MEDIDAS ORDINARIAS :

Medidas de apoio e reforzo educativo proporcionadas polo profesor/a titor/a no seu grupo e que deseña e aplica con aqueles alumnos/as que teñen certas dificultades para conseguir os obxectivos e contidos das diferentes áreas.

O profesorado con dispoñibilidade horaria ocuparase tamén do alumnado con necesidade de reforzo educativo, previo consenso entre o/a titor/a e a xefatura de estudos. Deste reforzo educativo o/a titor/a informará ás familias.

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS. CRITERIOS PRIORITARIOS DE INTERVENCIÓN

Criterios para a organización do profesorado de apoio:

A proposta de organización da atención ao alumnado por parte do profesorado de PT e/AL e de ser o caso, doutros profesionais específicos, será realizada pola xefatura do departamento de orientación, de acordo cos criterios establecidos neste plan e que se indican a continuación, contando coa participación do profesorado titor do alumnado e do propio profesorado de pedagogía terapéutica e/ou audición e linguaxe. Esta proposta de organización da docencia será elevada á Xefa de Estudos para a súa aprobación.

Os apoios de especialistas de Pedagogía Terapéutica e Audición e linguaxe serán priorizados do seguinte xeito:

- 1º.-Atenderase ao alumnado con necesidades educativas especiais, diagnosticados polo Equipo Específico de Orientación, Saúde Mental e/ou organismos correspondentes, teñan ou non unha A.C.
- 2º.- Atenderase ao alumnado con A.C.
- 3º.-Continuarase cos apoios iniciados, priorizando os cursos baixos, no eido de poñer en práctica medidas de detección temperá e preventivas.

- 4º.- Atenderase primeiro ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo que xa esgotara a medida da repetición de curso.
- 5º.- En E. Infantil os apoios levaranse a cabo principalmente polo profesorado especialista en audición e linguaxe dirixido a compensar a incidencia daqueles factores que puideran dificultar o óptimo desenvolvemento dos nenos/as nos primeiros anos da súa vida.
- 6º.- Prevención de dificultades.

Criterios para a organización do persoal auxiliares educativas (coidadoras).

Atenderán prioritariamente ao alumnado con discapacidade motórica para favorecer a autonomía nos diferentes espazos do centro educativo. O horario de atención e a proposta de apoio ao alumnado será elaborado pola orientadora en coordinación co profesorado- titor de dito alumnado. A proposta será elevada a Xefatura de Estudos para a súa aprobación.

CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.

Profesionais	Medida	Actuación
	Plan de Acción Titorial	Posta en práctica, seguimento e valoración
	Programación de aula	Elaboración, posta en práctica, seguimento e valoración.
	Xunta de avaliación do seu grupo.	Presidir e coordinar.
	Plan de Acollida e Adaptación	Concreción e Implementación.
	ACI/ACS	Coordinación, elaboración e
	Plan de Transición a	Implementación e seguimento

	Avaliación Psicopedagóxica	Solicitude ó DO, información ás familias.
	Apoios educativos	Colaborar na organización.
	ACI / ACS RE	Colaborar na elaboración e implementación.
	Apoios educativos.	Colaborar na organización.
	Avaliación Psicopedagóxica.	Colaboración

	ACS/ACI RE	Elaboración e implementación
	Apoios educativos	Colaborar na organización.
	Avaliación Psicopedagóxica	Colaboración
	Avaliación Psicopedagóxica	Elaboración.
	Plan de Transición a	Coordinación co IES e seguimento
	Plan de Acción Titorial	Asesoramento
	Programacións curriculares	Asesoramento
	ACI/ACS	Asesoramento e colaboración na

	Apoios educativos	Elaboración da proposta de
	Plan de Orientación	Redacción.
	Plan Xeral de Atención á	Redacción da concrecións anuais.
	Programacións curriculares	Inclusión na PXA
	Plan Xeral de Atención á	Responsable do desenvolvemento,
	Medidas extraordinarias de atención á diversidade	Autorización ou solicitude de autorización onde corresponda.

	Plan Xeral de atención á	Elaboración e concreción anual, implementación
	Plan de Orientación	Elaboración e concreción anual,
Departamento de	Plan de Acción Titorial	Seguimento e valoración
Comisión de Coordinación	Plan Xeral de Atención á Diversidade	Elaborar directrices do Plan Xeral de

Xunta de Avaliación	Plan Xeral de Atención á Diversidade	Propoñer ó alumnado que deberá seguir unha ACI no seguinte ciclo/etapa educativa e asegurarse de que se cumpran os requisitos para tal decisión. Propoñer cambios na adscrición do alumnado no cambio de ciclo
	Plan Xeral de Atención á Diversidade	Propoñer o plan ao consello escolar
	Plan Xeral de Atención á Diversidade	Aprobación

MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN

A LOE sinala que é preciso o “esfuerzo compartido de toda a comunidade educativa” por iso é moi necesario poñer en práctica diferentes mecanismos de coordinación e colaboración cos diferentes membros da comunidade educativa.

MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS

A orientadora reunirse unha vez á semana con cada titor, nun horario establecido a tal fin para coordinar as distintas medidas de apoio e asesorar sobre o desenvolvemento do plan de acción titorial. Realízanse reunións de coordinación co profesorado de apoio e/ou a orientadora para revisar as medidas adoptadas co alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Nas reunións da C.C.P. recolleranse suxestións e avalíaranse os resultados das medidas adoptadas coa finalidade de realizar seguimento do plan de atención á diversidade.

O equipo directivo nas súas reunións, contemplarán o desenvolvemento do plan de atención á diversidade, levando a concreción anual á PXA.

CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES E TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO

CANLES DE COLABORACIÓN COAS FAMILIAS

As familias estarán informadas dende o primeiro momento que se contemple unha medida de atención á diversidade, sexa reforzo educativo ou Adaptacións curriculares. Como norma xeral o profesor/a titor/a manterá informada ás familias. No caso das A.C. e os reforzos educativos con apoio das especialistas (PT e .L.) a información será coordinada tamén polo Departamento de Orientación.

Informarase ás familias de que a Avaliación Psicopedagóxica que se pode levar a cabo nalgún caso de interese, tan só constitúe un proceso de recollida de información acerca das características individuais do alumno/a e do seu contexto sociofamiliar e escolar que resulten relevante para axustar-las respostas educativas ás súas necesidades.

CANLES DE COLABORACIÓN COS SERVIZOS EXTERNOS Ó CENTRO

EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO

Solicitude de asesoramento, información ou intervención do Equipo de Orientación Específico de A Coruña, segundo o procedemento e modelo existente..

SERVIZOS DE SAÚDE

Colaborar e solicitar información dos servizos do CHUAC (Saúde Mental, Rehabilitación, Atención Tempera.....) ou de calquera outro profesional que atenda ao alumnado do Centro e que solicite a nosa colaboración (logopeda, foniatra...).

SERVIZOS MUNICIPAIS

Mantemos coordinación con varios centros sociais para intercambiar información e coordinar programas asistenciais e/ou de apoio escolar aos que asisten alumnado do centro. Mantemos contactos periódicos cos servicios sociais e o equipo de menores para acordar pautas de actuación nos casos de alumnos/as con diferentes problemáticas sociofamiliares (absentismo escolar, problemas socioeconómicos...)

PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Cando un alumno/a precise de medidas extraordinarias de atención á diversidade, sinaladas anteriormente neste plan, o/a mestre-titor/a informará á familia da necesidade das mesmas, podendo contar coa colaboración do Departamento de Orientación, e se iniciarán as actuacións pertinentes segundo o determinado na normativa vixente:

- Adaptacións Curriculares individualizadas: orde do 6 de Outubro de 1995 (DOG do 7 novembro 1995).
- Grupos de adaptación da competencia curricular (regulados pola orde 20 febreiro 2004, DOG 26 febreiro 2004).
- Medidas de flexibilización da duración do período de escolarización obrigatoria segundo o disposto na Orde do 27 de decembro de 2002 (DOG do 30 xaneiro 2003) para alumnado con NEE; e na Orde do 28 de Outubro de 1996 (DOG 28 novembro 1996) para alumnado con altas capacidades.
- A familia deberá manifestar por escrito a súa conformidade ou non coa medida proposta, podendo do mesmo xeito facer constar aqueles feitos que estime relevantes.
- Adaptación curriculares de acceso, para aportar recursos, materiais ou de comunicación que faciliten o desenvolvemento do currículo ordinario ou dun currículo especial: para a solicitude de materias como ordenadores requirírase dende a dirección a administración pertinente o necesario.
- O profesor/a titor/a que detecte dificultades de aprendizaxe, en calquera momento do curso académico, poderá solicitar a valoración do/a alumno/a á orientadora que levará a cabo as accións de avaliación psicopedagóxica de carácter máis específico.

PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

O seguimento e a avaliación de todos os elementos do plan constitúen un proceso básico no axuste e na mellora da atención á diversidade.

Este Plan de Atención a Diversidade é un documento flexible, aberto as modificacións que xurdan, primeiro da Administración xa que estamos a espera do Regulamento Orgánico de Centros e das circunstancias e accións que poidan plantexarse. As memorias anuais do D.O. nos servirán de indicador para a súa posible modificación.

Ao final de cada curso, de acordo cos datos do proceso de seguimento e avaliación, o departamento de orientación de cada centro elaborará a correspondente memoria do plan xeral de atención á diversidade, establecendo, de ser o caso, as pertinentes propostas de mellora. Esta memoria incorporárase á memoria do departamento de orientación e, en consecuencia, á memoria anual do centro.

